

A EMERXENCIA DO GALEGO-PORTUGUÉS
NA ESCRITA INSTRUMENTAL.
UNHA PANORÁMICA HISTÓRICA

Henrique Monteagudo

Instituto da Lingua Galega (USC)

Tal como se anunciaba no programa de man dado no seu momento ao prelo, a nosa intervención durante o Simposio 'A emerxencia da escrita romance' versou arredor do foral de Burgo de Caldelas, cuxo diploma tivemos a fortuna de exhumar meses antes á celebración do mesmo. Co paso do tempo, a preparación desta intervención para o presente volume de actas deu lugar a un traballo excesivamente extenso para ser incorporado aquí, e que por tanto virá a lume nunha monografía independente que se publicará proximamente. De acordo coa editora das actas do Simposio, decidimos extractar unha parte dese traballo, que, como o título pon de vulto, consiste nun panorama da emerxencia da escrita instrumental en romance galego-portugués, presentado no correspondente marco peninsular, e cunha reflexión ao lor dos debates suscitados polas descubertas máis recentes.

Imos pois ofrecer unha revisión que abranxa o conxunto da produción escrita instrumental no occidente da península. Comezaremos botando unha ollada ás áreas veciñas á galego-portuguesa a— castelá e a astur-leonesa,— pois o fenómeno vertente produciuse en íntima interconexión entre elas (tamén con outras máis distantes da nosa, pero aos efectos do presente contributo o interese disto é remoto). Podemos considerar o proceso de emerxencia do romance na escrita como un caso de propagación dunha innovación que en liñas xerais avanza gradualmente do oriente cara ao occidente e do norte cara ao sur. A súa orixe remota hai que situala no ámbito cultural franco, mentres que a súa difusión na área centro-occidental da Península ibérica se produciu dunha banda por contacto entre as rexións xeograficamente próximas, e doutra a través do intercurso duns centros culturais con outros, a comezar polos que recibiron un influxo máis forte da cultura ultrapirenaica.

O avance da innovación procedeu mediante o contaxio da novidade desde un punto irradiante cara a outro(s) punto(s) receptor(es) próximo(s) ao anterior. O progreso realizouse seguindo pautas non só de contigüidade territorial, mais sobre todo de intensidade do contacto, fluidez da comunica-

ción e actitude cara á innovación pola parte do(s) centro(s) receptor(es). Estes últimos factores determinan as cambiantes direccións e os diferentes ritmos de irradiación da novidade. En concreto, o que o panorama que a seguir presentamos suxire é que no noso caso o avance se produciu a partir centro da península, desde a área castelá (en senso lato) cara ao oeste, afectando antes ao dominio astur-leonés e inmediatamente despois ao galego-portugués. Por iso, desenvolveremos a nosa panorámica por esa mesma orde.

1. ÁREA CASTELÁ

Como se sabe, o romance hispánico central comezou a cultivarse na escrita na segunda metade do século XII, tanto en textos literarios coma na prosa instrumental. Como era de esperar, dentro desta os testemuños máis antigos teñen carácter particular (Lomax 1971, Rubio García 1981, Wright 2000). Menéndez Pidal (1919) deu a estampa nos *Documentos lingüísticos de España* (doravante, DLE) unha mostra de instrumentos privados en romance procedentes de diversas rexións do centro da Península, os máis antigos de contra a metade do século XII. A partir dunha pesquisa exhaustiva nos fondos do Archivo Histórico Nacional de Madrid, rexistrou e editou vinte textos anteriores a 1200, vinte e catro entre este ano e 1209, outros vinte e tres deica 1220, cincuenta e un da década dos vinte, e aínda trinta e cinco do decenio seguinte. A partir de 1245, o emprego do romance neste tipo de documentación xa é trivial (véxase táboa 1).

<i>Anos</i>	<i>Nº docs.</i>
1180-89	11
1190-99	9
1200-09	24
1210-19	23
1220-29	51
1230-39	35

Táboa 1. Evolución do uso do romance castelán na documentación particular: número de textos por décadas (1180-1240). Elaboración propia. Fonte: Menéndez Pidal 1919.

As *inquisitiones* ou pesquisas —indagacións xudiciais que adoitaban consistir na recolla de declaracións orais de testemuñas sobre o terreo— constituíron un tipo de documento especialmente receptivo desde moi cedo á fala romance. Favoreceu isto o seu carácter de documentos probatorios (non dispositivos) e o desexo de reprodución fiel das declaracións testificais.

Entre os máis antigos exemplos de carta en vulgar colleitados en dominio castelán atópanse varias pesquisas, ben ordenadas por particulares (DLE nº 1, de 1191), ben \emptyset - que resulta máis significativo— ordenadas polo monarca, con algún exemplo xa nos recuados tempos de Afonso VII (DLE nº 39, de 1156), pero relativamente abundantes nos últimos anos do reinado de Afonso VIII: de 1210 (DLE nº 4, en copia coetánea), de 1213 (DLE nº 43), de a. 1215 (DLE nº 165). Nótese a fórmula lingüística que presenta o documento de 1213: a escritura comeza cun preámbulo formulario en latín, continúa o corpo coa pesquisa propiamente dita en vernáculo, e remata coa cláusula final e a confirmación real redactada novamente en latín.

Durante os reinados de Afonso VIII (1158-1214) e Enrique I (1214-1217), chegaron a nós un total de 985 documentos da chancelaría rexia de Castela, dos cales ao parecer só tres son orixinais romances¹. Un deles é o ‘Tratado de Cabrerós’, subscrito en 1206 entre Afonso IX de León e Afonso VIII de Castela, do que se conservan dúas copias, ambas e dúas en castelán, aínda que unha delas tinguida de leonesismos e galeguismos. O emprego do vulgar no canto do latín neste documento é dabondo sorprendente, e deberá interpretarse como unha primeira tentativa reformista que remaneceu na chancelaría castelá, tentativa que, por parte, axiña foi abortada (Wright 2000). A escolla do romance central (no canto do astur-leonés ou o galego, por caso), terá que ver precisamente co grupo de funcionarios da corte de Castela que promoveron aquel primeiro ensaio, e probablemente se xustifica porque a esposa de Afonso IX e raíña consorte de León, dona Berenguela, era castelá (filla de Afonso VIII), pois no ‘Tratado’ abórdanse por extenso cuestións que interesaban a Berenguela e ao seu fillo e aspirante a herdar o trono leonés, Fernando ~~quen~~ cinxiría primeiro a coroa de Castela cá de León, por causa do accidental pasamento do seu tío Enrique.

Así mesmo, están en romance as ‘posturas’ ou acordos das Cortes de Toledo de 1207, data esta do manuscrito do *Poema de Mio Cid* que chegou a nós en copia posterior en aproximadamente cen anos. Xa que logo, a comezos do século XIII verifícase un súpeto pulo cara ao romance en Castela (incluíndo a chancelaría rexia), un pulo que, sorprendentemente, se viu coutado de raíz. Haberá que agardar á consolidación no trono castelán de Fernando III (rei de Castela desde 1217 a 1230, e de León e Castela de 1230 a 1252), para que se produza un novo surto do vernáculo, un surto gradual, pero desta vez continuo e definitivo. Con respecto a isto, nunha aproxima-

1. Rubió 1981 computa oito documentos en romance castelán desde 1194 (o máis antigo) ata 1215 (o máis recente), seis deles emanados da chancelaría real de Castela baixo Afonso VIII e dous máis relacionados con esta. Porén, boa parte deles suscitan dúbidas, pois trátase de copias non chancelerescas (Wright 2000, 101-102; MacDonald 1997, tamén os pon en cuestión).

ción global, Rubió (1981, 11) sinala “en la primera parte del mandato, aun prosiguiendo cierta tendencia hacia el romance, subsiste un predominio del latín, sigue posteriormente en las cartas un cierto equilibrio entre latín y romance, para acabar a finales del reinado con la superioridad del romance”. Nun estudo monográfico sobre este asunto, en que se ten en conta unicamente a documentación que chegou a nós en instrumentos orixinais, MacDonald distingue tres tipos de documentos chancelerescos: (1) documentación ordinaria, (2) privilexios rodados (os diplomas máis solemnes), e (3) foros, forais e diplomas referidos a dereito municipal.

No ámbito da documentación ordinaria, o uso do romance enceta en 1223, desde esa data ata 1241 rexístrase un equilibrio entre latín e romance, deica 1249 predomina o castelán, e a partir de 1250 xa non se emprega o latín (véxase táboa 2). Canto aos privilexios rodados, o primeiro en orixinal vernáculo é de 1233 (dez anos posterior á primeira carta), deica 1245 o latín é amplamente maioritario (54 textos en latín / 6 en romance), pero de 1246 en diante xa predomina o vulgar (12 en castelán / 4 en latín) (véxase táboa 3). Finalmente, canto aos documentos forais, tendo en conta unicamente orixinais, entre 1217-46 rexístrase o emprego exclusivo do latín. A primeira carta foral saída da chancelaría real en romance que chegou a nós en orixinal é de 1246, a partir desta data todas se redactaron en vernáculo. Trátase da concesión a Cartaxena do foro de Córdoba, o único privilexio rodado de carácter foral redactado en romance a chancelaría de Fernando III que chegou a nós en orixinal.

1217-23	uso exclusivo do latín
1223-37	progresivo uso do romance
1237-41	equilibrio latín / castelán
1241-50	predominio do romance
1250-52	uso exclusivo do romance

Táboa 2. Uso do castelán na chancelaría de Fernando III.

Elaboración propia. Fonte: MacDonald 1997.

O outorgamento do foro de Córdoba no ano de 1241 parece anunciar o cambio na preferencia por parte da chancelaría fernandina cara ao uso do romance nas cartas dese tipo. En efecto, o rei deu o foro de Toledo a Córdoba en dúas ocasións, cada concesión nun diploma considerado por González como orixinal (González 1983, vol. III, nº 670 e 677; véxase MacDonald 1997: 392-93). O primeiro documento, datado o 3 marzo de 1241, contén *in extenso* as disposicións do foral en romance mentres que as seccións formularias se achan en latín. Un mes máis tarde (o 8 de abril) redactouse o documento definitivo enteiramente en latín. Na primeira escritura non se nomea

o escriba nin se debuxa a roda, e falta a lista de confirmantes que debe conter un privilexio rodado. O segundo documento está confeccionado seguindo todas as formalidades ao uso.

Esta estraña duplicidade foi explicada así por MacDonald (1997: 392-93): “Quizá se pensaba que el documento fechado en marzo, expedido en Córdoba, debía servir de una obra de consulta a la mano de las autoridades locales; de todos modos el documento posterior, expedido en Toledo, fue la versión formal y completa, solemnizada por el formato y el lenguaje tradicional del privilegio rodado”. Outra hipótese alternativa que apunta o mesmo estudioso, segundo a cal a versión romance representaría non unha primeira redacción apresurada, mais unha tradución posterior que contería un erro na datación, semella dabondo menos verosímil cá anterior.

Nos documentos forais producidos en romance na chancelaría de Fernando III entre 1241 e 1252, a parte conclusiva do formulario (o escatocolo) seguirá redactándose en latín. As cartas forais ou similares dadas en privilexio rodado neses anos son as seguintes: foro de Cartaxena de 1246 (orixinal); privilexios a Tui de 1250 (copia); foro de Sevilla de 1251 (confirmación de Afonso X de 1253 e outras copias); foro de Carmona de 1252 (copias tardías) véxase González 1983, vol. III, nº 733, 794, 825, 847. En todas elas —sexan coñecidas en orixinal, sexan transmitidas en copia— se constata a mesma fórmula idiomática: protocolo en romance, disposicións en romance e escatocolo (data, roboración real, confirmantes e subscrición de chancelaría) en latín; só na última, o latín e o romance alternan no escatocolo.

Poida que o primeiro exemplo de tradución dun orixinal latino realizada nunha acta de confirmación de foro sexa o da carta municipal de Melgar de Suso, ao parecer dada por Fernando III en 1251 (Burriel 1808 [1974]: 523-25; MacDonald non a inclúe na súa lista); pero non nos atrevemos a pronunciarnos con certeza, pois o testemuño non é totalmente fiable: chegounos en confirmación dada en 1420 por Juan II, mediando nove confirmacións desde a de Fernando III. De todos os xeitos, resulta moi suxestivo o feito de que a invocación inicial e a subscrición chanceleresca final se atopen en latín, enmarcando o texto romance (Monteagudo no prelo).

Unha fórmula análoga, pero o escatocolo consiste simplemente na intuitión real e/ ou a data, verificase no resto da documentación foreira deses anos, incluíndo as escrituras producidas en 1241 e 1242 (González 1983, vol. III, nº 674 e 695), constantes mediante copia. Doutra banda, é interesante notar o carácter graduado do cambio de lingua na documentación chanceleresca: primeiro redactouse en romance o teor dos documentos, deixando o marco formulario en latín (aproximadamente desde 1220 a 1240), despois pasouse ao vulgar tamén o protocolo (década dos '40), e finalmente realizouse todo o documento en vernáculo.

Fose como for, no devandito ano de 1241 verificouse un paso trascendental cara á definitiva oficialización do uso do romance na chancelaría real, pois no texto do amentado foral de Córdoba Fernando dispuxo a tradución ao vernáculo do *Forum Iudicum*, un código legal de referencia (Rubió 1981: 12-13): “statuo et mando quod *Liber Iudicum*, quod ego misi Cordubam, translatur in vulgarem”. Na versión vulgar deste foral, a mesma previsión soa: “Otorgo et mando que el *Libro Iudgo* que le do yo, que ge lo mandare trasadar en romanz et que sea lamado fuero de Cordoua”. O cumprimento da disposición de Fernando III demoraría un cantos anos (abondos para que este monarca non chegase a velo), pois só se produciu após 1252, cando o seu fillo Afonso, tras ser coroado rei, lle outorga a Alacante o foro de Córdoba, ao tempo que dispón: “Mando et estableço que el *Libro Judgo* que io di en Alicant que sea trasladado en iuylgar [= ‘xogral, vulgar’] et plano language”.

En definitiva, durante a década de 1940 culmina o proceso de ascensión do romance a idioma oficial da chancelaría de León-Castela. De 1245 en diante toda a documentación foral de calquera tipo, incluíndo as cartas de foro, orixinais ou copias, están en romance. Ás portas da metade do século, o castelán impuxérase de xeito practicamente completo e irreversible na documentación oficial da monarquía castelán-leonesa. Esta é a situación que herdou o sucesor de Fernando III, Afonso X o Sabio. A compilación lexislativa coñecida baixo o título de *Fuero Real*, disposta polo segundo, redactada en 1255 e promulgada en 1256, “parece ser la confirmación oficial del romance como forma escrita” (Wright 2000: 116).

1217-1233	todos en latín
1233-1245	6 castelán / ca. 50 latín uso esporádico do romance
1246-1252	12 castelán / 4 en latín predominio do romance
1252	todos en romance

Táboa 3. *Lingua dos privilexios rodados da chancelaría de Fernando III.*

Elaboración propia. Fonte: MacDonald 1997.

2. ÁREA ASTUR-LEONESA

A vulgar pola documentación que chegou a nós, os forais de Oviedo (ca. 1145) e Avilés (ca. 1155) constitúen os primeiros textos romances (alternando co latín, como de contado indicaremos) dunha certa extensión exarados

na Península ibérica². Precisamente por causa da redacción tan temperá en romance, a súa autenticidade foi moi disputada, ata que Menéndez Pidal e R. Lapesa dirimiron a cuestión: “No es ya posible mantener hoy sombra de duda respecto a la autenticidad de ambos documentos” (Lapesa 1948: 8). Tanto o un coma o outro presentan o protocolo e o escatocolo en latín e a parte dispositiva nun romance híbrido occitano-asturiano (o que suxire un redactor de orixe occitana), máis hispanizado no caso do texto de Oviedo e máis occitanizado no de Avilés (pero debe terse en conta a eventual influencia dos copistas, sobre todo no primeiro texto, transmitido mediante copia de finais do século XIII). Verbo das redaccións sancionadas por Afonso VII en 1145 e 1155, Lapesa apunta dúas hipóteses: ou que estaban orixinalmente en latín e foron obxecto dun arromanzamento posterior, ou ben que a chancelaría real se limitou a autorizar as ordenanzas previamente compostas en idioma vulgar (Lapesa 1948: 103).

Na colleita de textos leoneses que deu ao prelo, E. Staff (1907 [1992], doravante abreviaremos EADL) incluíu cinco cartas procedentes do cartorio de Sahagún anteriores a 1200 (EADL nº 1-5, de 1171 a 1199), e catro máis anteriores a 1230 (EADL nº 6-9), pero debe terse en conta que a comarca onde se sitúa este mosteiro politicamente pertencía ao reino de Castela, e lingüisticamente resultaba estremeira co romance central. De todos os xeitos, o uso do astur-leonés na documentación privada espreita durante o reinado de Afonso IX (García Arias 1995). De tan cedo como 1213 data o primeiro documento vernáculo do cartorio do mosteiro asturiano de Belmonte, unha escritura plenamente dispositiva que o seu editor, erroneamente, consideraba redactada en galego (Floriano Cumbreño 1960: 241-43; ten razón García Arias 1995: 44 ao reivindicar que se trata de asturiano). Resulta moi chocante a clara definición idiomática deste documento tan temperán, plasmada nunha *scripta* notablemente coherente e estable, pero o seu editor, un experto paleógrafo, asegura “no hay la menor duda de que se trata de un original”.

Xa na década seguinte, o primeiro documento romance da colección diplomática do mosteiro de Villanueva de San Mancio é de 1222, e duns anos

2. Textos e discusión en Fernández-Guerra y Orbe 1865, que ofrece reprodución facsímile do diploma de Avilés. O foral de Oviedo chegou a nós mediante a inserción nunha confirmación de Fernando IV en 1295 (facsímile en Torrente / Cano 1995); o texto do foro de Avilés consérvase nun diploma coetáneo ou pouco posterior (Menéndez Pidal supón que se trata dunha copia realizada ca. 1160) e tamén mediante inserción nunha confirmación de Fernando IV. Roger Wright pon repetidamente en dúbida a autenticidade do diploma do foro de Avilés, sen achegar argumentos que contradigan as conclusións de Lapesa e Menéndez Pidal (Wright 1989: 352, n. 12, e 2000: 113). Pfister (1991), que trata dos provenzalismos no asturiano medieval, non pon en dúbida a antigüidade das redaccións en romance.

despois, 1227, o primeiro no cartorio do mosteiro de Vega; en 1230 aparece o primeiro documento vernáculo na colección diplomática do mosteiro de San Salvador de Oviedo. O denominado 'Tombo das viñas de Ribadavia', incluído na colección documental do mosteiro galego de Melón, é datado por algúns estudosos en 1228, aínda que esta datación está en discusión (véxase o traballo de Luz Méndez neste mesmo volume). Porén, un uso minimamente consistente e continuado do vulgar astur-leonés só se rexistra baixo o reinado de Fernando III. Así, na colleita documental estampada por E. Staff, rexístrase un número notable documentos en romance da década dos trinta ~~ata~~ un total de 11, case todos procedentes de Sahagún (EADL nº 10-19, senón o nº 85, que é de Santa María de Sandoval de Mansilla),— e sobre todo da década dos corenta ~~ata~~ un total de 21, de procedencia moito máis variada: Sahagún, San Pedro de Eslonza, Santa María de Otero de las Dueñas, San Esteban de Nogales.

Vindo máis cara ao occidente, na colección diplomática do mosteiro de San Pedro de Montes (Quintana Prieto 1971, nº 291-345), situado no Bercio, rexístrase un documento alternante latín / romance en 1230 (nº 291); o uso do romance reaparece ocasionalmente na década dos trinta (dous documentos de 1235 e 1238, nº 293 e nº 294), intensifícase na década seguinte (seis documentos de 1241 a 1247, nº 297-302), e regularízase na década dos cincuenta (trinta e cinco documentos). Tamén madrugadores no emprego do romance (aínda que non tanto coma o anterior) foron os escribáns que traballaron para os conventos de San Martín de Castañeira (Rodríguez González 1973) e Carracedo (Martínez Martínez 1997), así mesmo na área estremeira do galego. No cartorio do primeiro rexístrase un documento romance de 1241, na década dos cincuenta aparecen catro máis; no do segundo temos dous documentos vernáculos de 1245, e dezaseis da década dos cincuenta. Xa en Asturias, a partir de 1244 comeza a se redactar en romance a documentación no cartorio do mosteiro de Corniana, e en 1245 a do mosteiro de San Pelayo.

Canto á documentación foral, as cartas máis antigas que demos localiza-do na área leonesa son as seguintes:

- 1238. Leonés. O abade Esteban de Moreruela aos moradores de Nuez (Rodríguez Fernández 1990, nº 56).
- 1241. Galego-leonés. O abade Juan Fernandez de San Pedro de Montes aos poboadores de Valsiello (Rodríguez Fernández 1990, nº 77).
- 1242. Leonés. O abade Esteban de Moreruela aos homes de Ataulfo (Rodríguez Fernández 1990, nº 58).
- 1250. Leonés. Pacto foral entre o mosteiro de San Isidoro de León e os seus vasalos de Pinos (Rodríguez Fernández 1981, II, nº 79).

- 1251, xuño, 10. Zamora. Leonés. Concerto do bispo de Zamora e o concello de Fuentesauco sobre novos décimos (Rodríguez Fernández 1990, nº 60).

Por parte, queremos chamar aquí a atención sobre a situación especial da diocese de Astorga como intermediaria entre as áreas centrais do leonés e as propiamente galegas. Non debe esquecerse o feito de que esta diocese abranxía non soamente as bisbarras lingüisticamente galegas das actuais provincias de León e Zamora (onde se encravan os mosteiros de San Pedro de Montes, Castañeira e Carracedo, que acabamos de citar), mais tamén a terra de Quiroga (no recanto suroriental de Lugo) e as comarcas nordorientais da actual provincia de Ourense, incluíndo a terra de Trives e parte da de Caldelas, co Burgo e o Castro de Caldelas. Da relativa antigüidade da asunción do romance na escrita instrumental nos territorios da diocese de Astorga, ademais dos testemuños xa aducidos, pode dar idea o feito de que tan cedo como 1251 o propio bispo tivo a ben empregar o vulgar nunha escritura de avinza cos seus vasallos de Val de San Román (Quintana Prieto 2001: 737-738).

Á luz disto, non é casual o feito de que entre os máis antigos centros da emerxencia da escrita en galego figuren os mosteiros xa citados do Bercio e a comarca zamorana de Porto (Boullón Agrelo 2004: 18-23), mais tamén, xa na segunda metade da década dos cincuenta, os ourensáns de Sobrado de Trives (Martínez Sáez 1988, 2, nº 29-31) e Montederramo, e neste último o notario Pedro González da vila de Caldelas, un dos primeiros de quen nos consta un uso continuado do galego, tal como queda de manifesto no contributo de Ramón Lorenzo neste mesmo volume (véxase tamén Lorenzo / Pérez no prelo; para o conxunto, Boullón Agrelo 2004: 24-41). Debido tanto á situación fronteiriza destes mosteiros coma á falta de tradicións de escrita estable que contribuísen á definición precisa dos distintos idiomas vernáculos, o romance empregado na documentación procedente daqueles áchase nun estadio marcadamente borroso, ofrecendo combinacións volátiles e ás veces caprichosas de variantes ora galegas, ora leonesas ou asturianas, ora castelás (sobre todo isto, véxase Lorenzo 2004b: 39-40, Boullón Agrelo 2005, e o traballo de Raquel Rodríguez neste mesmo volume).

Significativamente, nas coleccións diplomáticas correspondentes a mosteiros galegos aparecen varios exemplos temperáns da escrita do astur-leonés: ademais do sinalado ‘Tombo das viñas de Ribadavia’ (dubidoso canto á data), pódense citar tres documentos de Toxos Outos que R. Lorenzo (2004b: 40) considera híbridos latín-leonés (1241, 1243, 1250) e un plenamente leonés (1243); outro de Melón (1246); e xa na década dos cincuenta, algúns máis en distintos mosteiros (Oseira 1251, Ferreira de Pallares 1253, Samos 1256...). Igualmente, por esas datas aparecen documentos en

astur-leonés producidos en territorio politicamente portugués: máis adiante aduciremos o caso dun documento de 1236, pola súa banda, Souto (2004: 364) refírese a oito escrituras procedentes da Orde do Templo oriúndas da rexión de Mogadouro-Celorico, entre 1253 e 1260; a outra redactada de Zamora (1259) e unha máis procedente da rexión de Sabugal (1261). Semella que a escrita romance castelá, en parte coa mediación leonesa, foi tomada como un dos modelos de que partiu a escrita instrumental do galego, como poñen de vulto en varios documentos primitivos e galego, coma tal o de Lugo de 1240/41, o foro de dona Toda de 1244 (Vilaboa-Allariz) ou o máis antigo en galego de Oseira (1251) —véxase táboa nº 4.

En definitiva, podemos resumir dicindo que, aínda que xa se rexistran exemplos illados da segunda e terceira décadas do século, o emprego do astur-leonés na documentación particular toma pulo na década 1240-50, e comeza a xeneralizarse na década seguinte, unhas datas lixeiramente posteriores ao castelán.

3. ÁREA GALEGO-PORTUGUESA

3.1. *Emerxencia da escrita romance en Portugal*

O coñecemento do proceso de 'emerxencia' da escrita en romance no ámbito galego-portugués progresou extraordinariamente nos últimos anos grazas sobre todo ao labor realizado por A. M. Martins e A. Emiliano no dominio luso e por R. Lorenzo e A. I. Boullón no dominio galaico, e aos contributos de J. A. Souto Cabo para un e outro dominio. Ata finais da década dos noventa do século pasado a nosa visión do asunto dependía practicamente do balanço panorámico sobre o portugués que L. F. Lindley Cintra realizara en 1963, nun traballo que continúa a ser de referencia obrigada. Ademais de producírense novas descubertas documentais, os presupostos sobre os que se esteaba este traballo áchanse en discusión desde hai unha década, o que deu azo a unha revisión do problema, non exenta de puntos polémicos. Por mor de non adiantármonos a esas discusións, imos comezar por expoñer o panorama que ofrecía Lindley Cintra corenta e cinco anos atrás.

No seu contributo, o filólogo lusitano clasificaba os instrumentos vertentes nos seguintes tipos: (a) diplomas reais, (b) documentos privados, (c) ordenamentos municipais, distinguindo as cartas forais breves e os foros ou ordenamentos municipais extensos, (d) compilacións legislativas, (e) outros, como inquiriçoes, inventarios e libros de contas, etc. Referirémonos aos catro primeiros tipos.

(a) Canto aos diplomas orixinados na chancelaría real portuguesa, o primeiro testemuño vernáculo, totalmente illado (nunha situación que lembra o 'Tratado de Cabrerros' de 1206), procede de comezos do século XIII. Trátase do Testamento de Afonso II (1214), que chegou a nós en dúas versións coetáneas, e sobre o que voltaremos. Haberá que agardar ata 1255 para volver achar o idioma vulgar na documentación real, no *Libro Iº de doazóns* de Afonso III (rei 1248-1279). Durante o mandato deste monarca o emprego do romance revélase moi escaso antes de 1270, e mantense esporádico deica o seu pasamento. Será o seu sucesor Don Denis (rei 1279-1325) o que, xa nas dúas últimas décadas do século XIII, estableza o emprego regular do portugués como lingua da súa chancelaría.

(b) No tocante á documentación privada, a cronoloxía non é moi diferente da que acabamos de esbozar. Fóra dun testemuño illado de comezos do século XIII (a célebre 'Noticia de Torto', datable ca. 1212), Cintra non podía aducir testemuños romances anteriores a 1250, e aínda a partir desa data eran moi escasos ata a década 1270-1280. O noso investigador tiña que remontarse ás pescudas do fundador da paleografía portuguesa, João Pedro Ribeiro ~~p~~ublicadas a comezos do século XIX, para citar unha magra lista de testemuños documentais en romance occidental anteriores a 1275: 1255 (convento de Arnoia), 1262 (Ave Maria do Porto), 1267 (Pendorada), 1268 (Refoios de Basto), 1272 (Pendorada), 1275 (Refoios de Basto). As pesquisas dos historiadores Pedro de Azevedo e de M. Rui de Azevedo non permitiran localizar pezas anteriores a 1255, aínda que si engrosar a lista de cartas posteriores a 1260; Cintra cita por exemplo instrumentos de Chelas de 1263, 1266 e 1269.

(c) Verbo dos forais e foros municipais, o noso estudoso sinalaba que en territorio portugués os segundos son máis ben escasos, o que contrasta coa abundancia dos primeiros: no total, A. Herculano rexistrara nada menos que 261 anteriores a 1279. Os forais foran redactados na súa maioría orixinalmente en latín, e as versións arromanzadas datan por vía da regra do século XIV. Porén, salienta o interese os *Foros de Garvão*, integrados por dúas partes, a primeira copiada en 1267 e a segunda máis tarde, e onde se recollen os costumes das localidades de Garvão, Évora, Lisboa e Alcácer. Anteriores ao século XIV son tamén os *Foros de Guarda* (1273-1282) e tres compilacións de *Costumes*, do estilo de *Costumes de Santarem comunicados a Oriola* (1294). Son de salientar os foros extensos da rexión de Cima-Coa (Castelo Rodrigo, Castelo Bom, Castelo Melhor, Alfaiates) ~~unha~~ área que pertenceu ao reino de León (despois León-Castela) ata 1296, e que despois desta data pasou a dominio da coroa portuguesa, todos eles redactados nunha mestura máis ou menos borrosa, segundo o texto, entre o latín notarial, o galego e o leonés.

(d) As máis antigas compilacións legislativas en portugués que chegaron a nós son de finais do século xiv e primeiros do século xv. Os textos xurídico-legais anteriores son traducións de orixinais casteláns, como é o caso das versións das *Flores de las Leyes* de Xacobe das Leis e do *Fuero Real* afonsino, moi temperáns, pois foron realizadas c. 1273-1282. Tamén abundan as traducións, probablemente parciais, das *Siete Partidas*, case todas chegadas a nós en estado fragmentario.

Varias décadas máis tarde, tentando ofrecer unha revisión xeral, Ivo Castro, despois de recoller as conclusións do traballo de Cintra, voltaba o seu ollar sobre a 'produção primitiva portuguesa' (isto é, anterior a 1255). O estudioso constataba a exigüidade desta produción, da que unicamente constaban o 'Testamento de Afonso II' e a 'Noticia de Torto', aos que, despois de tantos anos, só era posible engadir á lista dous documentos de Mogadouro, de 1250 e 1253, recentemente exhumados polo propio Cintra. A seguir, alertaba: "Se se perguntar se essa lista é completa, a resposta mais prudente será negativa. A lista inclui apenas os documentos que hoje são conhecidos enquanto não forem localizados novos documentos" (Castro 1991: 183).

A súa observación resultou profética, pois, efectivamente, na última década rexistráronse importantes progresos (Castro 2006: 108-111; véxase tamén Castro 2004b). Estes progresos atinxen unicamente á categoría (b), isto é, á documentación privada. As vías de avanza, simultáneas e complementarias, son dúas: (1) novos achados documentais, e tamén (2) reavaliación dos criterios empregados para definir un texto como latino ou romance (portugués). As novas pescudas abocaron a un requintamento da anterior tipoloxía, abrindo paso a distincións máis finas de subtipos dentro desta grande categoría de 'documentos privados', como axiña constataremos.

3.2. *A produción primitiva en galego-portugués. Discusión das descubertas recentes*

Independentemente do grao de adhesión que susciten os presupostos en que repousan, os contributos de Ana Maria Martins marcan un auténtico fito, tanto polo seu carácter pioneiro na exploración e decrúa do terreo coma polas novidasas interpretacións, as aguilloantes suxestións e as desafiantes preguntas que suscitan. As súas demoradas pescudas de arquivo e unha relectura dos testemuños textuais realizada desde uns presupostos orixinais levárona a postular un límite notablemente inferior á escrita vernácula en Portugal, recuando ata ca. 1170, e a poboar con preciosos achados o escuro período de xestación daquela.

Así, nunha primeira achega, A. Maria Martins e C. Albino (1997) daban a coñecer unha 'Noticia de auer', un documento en escrita romance 'borrosa'

(volveremos sobre este termo), para o que postulaban unha datación anterior aos finais do século XII. Pero a achega máis importante veu a lume dous anos máis tarde, cando a nosa investigadora, co gallo dunha posta ao día do devandito traballo de Cintra, estampa dezanove instrumentos, case todos inéditos, dezasete dos cales se reputan como vernáculos — incluíndo a devandita ‘Noticia de auer’ (Martins 1999; véxase tamén Martins 2001a, 2001b). Seis destes documentos son presumiblemente datables no último terzo do século XII (Martins 1999, nº 2-7), un está datado en 1210 (ídem, nº 12; o nº 13 é versión latina do mesmo), outro máis pódese situar entre fins do século XII e comezos do seguinte (ídem, nº 8), aínda dous máis na primeira metade do século XIII (ídem, nº 9-11), e finalmente os últimos seis están datados entre 1234 e 1255 (ídem, nº 14-19).

Salvo unha carta de 1236 que rexistra un contrato de compra-venda, todos os devanditos textos teñen carácter probatorio. O que parece máis definitivamente romance de todos é este contrato que acabamos de citar, que significativamente está redactado en leonés (Martins 1999, nº 16; incluímos na nosa táboa). Outros textos presentan un menor grao de definición idiomática pero en xeral aproxímanse estreitamente ao romance polo menos nalgúns treitos, nomeadamente a propia ‘noticia de auer’ de San Salvador de Moreira da segunda metade do século XII (ídem, nº 5), a noticia de manda de Margarida García da primeira metade do século XIII (ídem, nº 9) e o testamento de Dona Aldora Afonso de 1243 (ídem, nº 17; incluímos na táboa). Canto á tipoloxía documental correspondente, segundo as certas palabras de A. M. Martins,

os documentos escritos en portugués até à segunda metade do século XIII constituem un universo restrito, pertencendo no seu conxunto aos géneros *ap* — arrendados ou circunstancialmente aproximábeis — noticia, finto, anotação / relação de dévidas ou pagamentos, testamento. Estes tipos documentais têm em comum a sua tênue submissão a modelos textuais pré-definidos (Martins 2001a: 36).

Polo vieiro aberto pola investigadora lisboeta internouse posteriormente o estudoso galego J. A. Souto Cabo, ao emprender unha serie de pesquisas sistemáticas na procura de documentación vernácula da segunda metade do século XII (Souto 2003a) e da primeira metade do século XIII (Souto 2003b). No primeiro traballo, ao referirse ao problema da identificación idiomática dos textos borrosos, propón establecer a seguinte tipoloxía: “a) textos latinos com segmentos compactos em vernáculo, b) textos latinos, ou de adscrição idiomática imprecisa, caracterizados por uma presença geral, mais difusa, de elementos vernáculos, c) textos romances, contendo em maior ou menor grau resultados exclusivamente latinos” (2003a: 332) Esta tipoloxía, como de

contado veremos, apunta cara aos fenómenos resultantes do contacto de linguas que en sociolingüística se denominan *code switching* ou ‘alternancia de códigos’ (tipo a) e *code mixing* ou ‘mestura de códigos’ (tipos b e c)³; porén, sorprendentemente, non volveu ser aplicada polo autor en traballos posteriores.

No mesmo artigo ultimamente citado, o dito investigador edita dez pezas documentais: (a) tres escrituras da primeira categoría, datadas en 1139, 1184 e 1188 (un cambio e dúas vendas); (b) outras tres da segunda categoría, das cales unha de 1188 e dúas sen data, mais datables a finais do século XII (unha noticia, un finto e unha manda testamentaria); e (c) catro da terceira, das cales unha de 1184 e tres sen data, pero próximas a esta (trátase dun escrito, unha nómima, unha carta de foro e un pacto). A maioría dos documentos dos tipos (b) e (c) son de carácter probatorio, e por tanto non teñen nin fórmula de datación nin subscrición, o cal introduce un compoñente de imprecisión, e ata de incerteza, nas súas datacións; por parte, a súa clasificación dos catro últimos na terceira categoría (isto é, a súa consideración como textos escritos en romance) é cando menos discutible. Dado que carecen de data e pola súa definición problemática non incluímos ningún destes textos na nosa táboa final.

Nun contributo posterior (Souto 2003b), onde aborda as “dinámicas de escrita romance da primeira metade do século XIII”, o profesor compostelán retoma a tipoloxía documental de Martins, que aplica aos oito documentos que presenta en edición, un procedente do territorio galego e o resto do portugués. Deles, cinco carecen de data, pero son atribuídos á primeira metade do século XIII: trátase de dúas noticias, dúas mandas testamentarias e unha partición. Dous documentos máis están datados en 1257 e 1259, e consisten nunha partición e un prazo. Finalmente, publícase un documento galego de 1231 que non pertence a ningunha das devanditas categorías. Pola nosa banda, estimamos que, fóra do texto galego de 1231, soamente poden considerarse da categoría (c) tres deses textos (e algún deles con dúbidas), datables aproximadamente no segundo cuartel do século XIII, que son os que incluímos na táboa.

Na liña antes apuntada, todos os documentos que levamos considerado nos parágrafos precedentes se caracterizan por conteren unha mestura “de elementos formais e estruturais latinos com elementos mais innovadores vul-

3. Canto ao *code-switching*, a título de ilustración, véxase Myers-Scotton 1997 ou Álvarez Cáccamo 1998; con todo, téñase en conta que os estudos sobre este fenómeno versan exclusivamente (ou case) sobre a interacción oral. Sobre interferencia lingüística e mestura de códigos (que por vía da regra tamén se estudan en relación co discurso oral en contextos de contacto lingüístico), pode verse Lehiste 1988 e Odlin 1989.

garizantes, que co-existían en variación na mesma sincronía scripto-lingüística” (A. Emiliano, *apud* Martins 1999: 499). É por iso que a identificación do idioma en que están redactados atópase aberta á discusión: trátase de decidir se o estadio scripto-lingüístico que manifestan se atopa ben dun lado ou ben do outro da dubidosa fronteira entre o que consideraríamos unha escrita tar-do-latina fortemente interferida de elementos vulgares e o que xulgaríamos unha escrita paleo-romance en incipiente proceso de destaque do latín, e por tanto masivamente latinizada. O problema é que os criterios para delimitar esa fronteira son discutibles, e aínda o é máis a súa aplicación a textos, formas e estruturas concretos (unha discusión detallada de puntos individuais pode verse en Emiliano 2003c e Martins 2004).

Ao noso parecer, resulta crucial lembrar a situación sociolingüística en que estes textos aparecen, exemplo típico de diglosia clásica, caracterizada por unha especialización funcional ríxida entre un código elevado, o latín, que monopoliza unha serie de ámbitos de uso, xéneros de discurso e estilos ‘altos’ en particular os relacionados coa escrita,— e un código baixo, o romance, confinado á oralidade⁴. Dito así, pode parecer que a situación de referencia é sinxela, pero esta é unha impresión enganosa: trátase dun escenario extraordinariamente complexo, caracterizado por un alto grao de fluidez e unha extrema borrosidade. O escribente (preferimos usar este termo e non o de ‘falante’, pois a cuestión céntrase coa escrita) manexaba un repertorio lingüístico difuso, nun extremo do cal se situaba unha norma escrita ‘latina’ razoablemente focalizada e máis ou menos estable (cos matices a que logo nos referiremos), e no noutro un conxunto de variedades romances faladas en incipiente proceso de decantación e de recoñecemento, moito menos focalizadas e dabondo inestables. Simplificando, podemos imaxinar ese repertorio como constituído por un abano de variedades ordenadas nunha escala implicacional, gradualmente dispostas desde un polo ‘máis latín’ a outro ‘máis romance’.

Endebén, se nunha primeira aproximación a imaxe da escala implicacional resulta ilustrativa, non convén deixarse enganar polo seu esquematismo (Monteagudo 2004a: 394-99). Un modelo que representa máis fielmente a situación en aprecio é o dun espazo multidimensional caracterizado por unha diversidade interna considerablemente ampla (en termos de distancia interlingüística entre as variedades correspondentes aos ‘extremos’ do *continuum*), abondo confusa (polas razóns que a seguir exporemos), e con regras complexas de selección e combinación de variantes de distinto tipo

4. Retomo no que vén a seguir as observacións que desenvolvín en Monteagudo 1999: 81-89, 105-113, 117-21.

regras que eran activadas en función dunha serie de factores tales coma as tradicións discursivas e as normas de uso vixentes, a identidade social e a competencia lingüística do produtor do texto, o contexto do acto de comunicación, o xénero do discurso e o tipo de texto aquecente, ou as intencións expresivas do escribente (i.e., o produtor do texto escrito). Xa que logo, o repertorio lingüístico correspondente a este escenario diglósico non se achaba estruturado (como ás veces se tende a supoñer de xeito máis ou menos inconsciente) en termos de oposición tallante entre dous idiomas nidamente focalizados e por tanto obviamente distinguibles, afastados por fronteiras ben delimitadas e doadas de recoñecer.

Doutra banda, nos escenarios sociolingüísticos deste tipo os (sub)sistemas lingüísticos en contacto conviven simbioticamente, de maneira que a variación intrasistemática (no interior de cada subsistema lingüístico) e a intersistemática (resultado do entrecruzamento dos subsistemas en contacto) están inextricablemente interconectadas, e de aí resulta unha constelación magmática de fenómenos de hibridación. Propomos denominar este aspecto da situación como *interglosia*. Interesa subliñar que os fenómenos relacionados con esta (en particular a mestura e a alternancia de códigos) deveñen plenamente funcionais á hora de organizar o rango de 'estilos' da comunidade correspondente i—sto é, de estruturar o repertorio das variedades que corresponden a cadanseu contexto de comunicación e xénero de discurso/tipo de texto. Para sermos máis exactos, nas condicións devanditas a amazón do repertorio de estilos de comunicación dispoñibles repousa en boa parte sobre os fenómenos de *interglosia*, ata o punto de que é imposible caracterizar as diferentes variedades diatópicas ('estilos' de discurso) facendo abstracción daqueles. Destarte, neste tipo de escenarios sociolingüísticos é habitual que remanezan variedades interlectais, isto é, modalidades de compromiso ou de transición dunha a outra 'lingua' que poden alcanzar unha relativa estabilidade e que adoitan presentar unha adscripción idiomática dubidosa.

Dito isto, ao tratarmos do escenario sociolingüístico do occidente da península no período en foco (ca. 1150-ca. 1250) — mesmo que cando nos referimos a outras áreas da Romanía nos respectivos períodos de emerxencia da escrita romance,— non podemos deixar de subliñar as seguintes particularidades:

- a) o latín carecía de falantes nativos e o seu uso estaba restrinxido á escrita, o cal ten consecuencias importantes canto á competencia lingüística dos produtores de textos en latín e ao tempo canto á definición da norma lingüística *cultivada* (enténdase: do conxunto das subnormas que correspondían a cadansúa modalidade de 'latín'). Cada usuario do latín escrito operaba cun repertorio lingüístico nesa lin-

gua máis ou menos amplo e máis ou menos próximo a cada unha das subnormas de referencia, un repertorio que, salvo para os escasos individuos intensivamente instruídos, consistía en modalidades diferentemente graduadas de 'interlectos (semi-)fossilizados' latino-romances (véxase abaixo, c)

- b) dada a carencia de modalidades exemplares dotadas dunha razoable definición, estabilidade e fixeza (carencia vencellada á inexistencia dunha modalidade escrita establecida), ás variedades romances correspondía cadansúa (sub)norma que podemos caracterizar por tres trazos: (1) borrosa verbo do eixo de variación diatópica (isto, é, na dimensión horizontal, dunhas a outras variedades), (2) inestable verbo do eixo de variación diacrónica (coexistencia profusa de variantes conservadoras e innovadoras), e (3) fluída verbo do eixo de variación diatópica ou estilística (como xa vimos)
- c) nas devanditas condicións, a interferencia no latín escrito da fala romance desembocou na constitución de variedades intermedias medianamente estabilizadas, que se poden caracterizar en termos de maior ou menor conformidade á norma latina culta e maior ou menor permeabilidade en relación á oralidade vulgar
- d) xa que nos referimos á escrita, non pode esquecerse a grande proximidade lingüística entre o latín (especialmente as modalidades escritas medievas) e o romance, nin o feito de que os sistemas grafémicos romances emerxeron a partir do sistema latino, nun lento proceso 'de destaque' e mediante unha adaptación progresiva

Xa que logo, latín ou 'gramática' dunha banda e 'vulgar', 'linguaxe' ou 'romance' doutra non eran conceptualizadas como linguas distintas, mais como códigos comunicativos complementarios e compatibles, nebulosamente definidos e confusamente contrastados, de maneira que resultaba natural e case inevitable combinar formas dun ou doutro no discurso escrito (doutra maneira tamén no oral, pero isto non nos aquece arestora). Tal combinación non se realizaba de xeito aleatorio, nin tampouco seguindo unhas regras ríxidas; mais aténdose a unhas pautas flexibles que variaban en función do tipo de texto e da situación comunicativa dentro dunha marxe de discrecionalidade que podía ser máis ou menos ampla en función do grao de formalidade do estilo / tipo de texto correspondente. O nivel de dominio sobre o latín culto que o escribán posuía resultaba ser un factor moi importante, dado que as lagoas na súa competencia neste eran preenchidas mediante interferencia (i.e., transferencia de recursos) do seu falar vernáculo.

O devandito é especialmente aplicable ao caso en foco, pois non estamos a tratar dunha situación de contacto entre dúas linguas previamente constituídas, mais entre dúas variedades (ou subsistemas de variedades) do

mesmo diasistema, unha das cales se atopaba en pleno proceso de obsolescencia por esclerosamento (o 'latín'), mentres que a outra estaba en incipiente proceso de emerxencia mediante elaboración (o 'romance'). Nese contexto, a cuestión sobre a identidade idiomática (latín ou romance) dun texto pode revelarse indecible, visto que a resposta depende exclusivamente (ou case) dos termos en que o problema é formulado, así que poden darse dúas (ou máis) respostas alternativas non mutuamente excluíntes.

Porén, se admitimos que no proceso de focalización (i.e., estabilización e definición) da modalidade emerxente xogou un papel decisivo a constitución dun sistema scriptolingüístico autónomo, de base claramente fonográfica (en contraste coa base morfo/logográfica do sistema previamente operativo), o pertinente diante dun texto escrito é preguntarse verbo de que estadio revela a súa escrita en relación ao proceso de constitución daquel sistema. Neste senso, concordamos con A. Emiliano cando sostén:

a questão dos mais antigos textos em português é de ordem scripto-lingüística, e toda a discussão acerca dos mesmos deve em primeiro lugar centrar-se em factos de escrita e na sua organização enquanto sistema. A atribuição do rótulo 'português' ou 'latino' (i.e. latino-português) a um texto medieval produzido em Portugal até meados do século XIII deve depender, não das características da oralidade subjacente ao texto, mas sim das características da escrituralidade que o texto evidencia (Emiliano 2003c: 269).

Por ilustrar cun exemplo que discute Martins (2004: 504-510): sen dúbida, a forma gráfica latina <fecit> podía estar suxeita a reinterpretación fonolóxica e consecuentemente ser lida 'á romance' como /fe /, /fe e/ ou similar, pero aquela maneira de representar graficamente esta forma da fala ou de interpretar oralmente a tal forma escrita non corresponde a unha *scripta* (ou sistema scripto-lingüístico) romance autónoma, mais a unha *scripta* de base mixta, cun compoñente morfográfico e outro logográfico, e isto é precisamente o característico da fase de escrita latino-romance. A unha *scripta* romance autónoma correspondería unha representación do tipo fonográfico —todo o laxamente que se quixer— como <fez>, <feze>, <feç>, <fec>, <fet>, <fets> etc., e non outra. Velaí o punto.

Esta observación é especialmente relevante toda vez que constatamos que unha boa porción dos textos exhumados por A. M. Martins e J. A. Souto son extremadamente curtos e/ou consisten pouco máis que en espidas listas de vocábulos precariamente ganduxadas nunha armazón sintáctica elemental. De máis a máis, hai que salientar que moitos deses vocábulos son nomes propios (antropónimos e topónimos), sendo que desde os comezos da tradición escrita latino-notarial do medioevo os nomes propios (e en menor

medida tamén os neoloxismos) constituíran precisamente o campo de experimentación das solucións gráficas de tipo fonémico que virían a se xeneralizar cando a constitución dos sistemas gráficos romances autónomos (véxase por caso Boullón Agrelo neste mesmo volume). Por outras palabras: na escrita dos nomes propios ensaiáronse as representacións gráficas específicas para os fonemas romances que non existían en latín (coma as series de consoantes palatais e africadas), para os cales o sistema gráfico herdado non ofrecía solucións de primeira man. Nesas condicións ¿non será problemático clasificar sen matices como romance un texto que consiste en pouco máis que unha lista de nomes propios?

De calquera maneira, a pregunta sobre o carácter autónomo ou heterónimo do sistema de escrita subxacente a un texto déixase responder dun xeito menos equívoco cá pregunta sobre a lingua en que está redactado. Ao noso parecer, a resposta a aquela pregunta é máis ben negativa para a maioría dos textos a que viñemos referíndonos. Sen dúbida, a maior parte deles están redactados nunha variedade de escrita maximamente vulgarizante (i.e., extremadamente informal), unha variedade estilística que se acharía na franxa ínfima do abano de estilos de escrita (luso-)latina dispoñible naquel período, e que anuncia a inminente eclosión da escrita romance. Pero non deixa de ser unha variedade que se sitúa *no interior* daquel rango de estilos, un rango no cal na práctica non existía (aínda) a opción de escribir en romance (i.e., mediante un sistema grafemático ou scripto-lingüístico autónomo). Só nuns poucos textos podemos albiscar o emprego dun rexistro minimamente estabilizado que presenta un grao suficientemente elevado de saturación de variantes romanceadas (isto é, que responden ao principio grafo-fonémico), un rexistro que lexitimamente podemos considerar transicional ou quasi-romance.

En conclusión, salvo os casos que fomos sinalando, os testemuños en foco poderán considerarse todo o máis precursores da escrita romance, pero non textos plenamente romances no senso que se adoita empregar a este termo *textos* escritos en galego-portugués. Desde logo, non poden considerarse romances no mesmo senso en que dicimos que a Noticia de torto ou o Testamento de Afonso II o son. Se tivésemos que ampliar a noción de texto escrito ‘en romance’ para dar cabida nela a este tipo de textos, daquela teríamos primeiro que revisar os alicerces mesmos sobre os que se funda a distinción entre o ‘latín’ e ‘romance’ no ámbito e no tempo aquecentes, e a seguir teríamos que revisar e reclasificar unha morea de testemuños. Como estimamos que non hai motivo suficiente para isto ~~que~~ no fondo pouco máis sería que unha mudanza de nomenclatura coa correspondente reorganización de etiquetas,— coidamos que sen unha rigorosa peneira previa non se pode aceptar a significación histórico-lingüística que os seus editores

outorgan a título xeral a estes documentos: 'os máis antigos textos escritos en portugués'. En todo caso, unha porción destes textos manifestan a vixencia dunha modalidade scriptolingüística de transición que podemos considerar quasi-romance e que prelude a *scripta* conservadora plenamente romance, da que falaremos a seguir. Naturalmente, o dito non mingua en absoluto o extraordinario interese dos testemuños exhumados como elos da cadea que conduciu á emerxencia da escrita en (galego-)portugués.

3.3. *Dúas tradicións de scripta: acrografía / basografía*

Entre as valiosas suxestións contidas nos traballos Ana Maria Martins, aínda hai dous puntos máis sobre os que nos interesa virar a atención:

- A distinción entre dúas correntes no proceso de emerxencia da *scripta* luso-romance, unha innovadora e outra conservadora
- As relacións históricas entre os procesos de emerxencia da escrita instrumental e da escrita literaria en romance

A consideración do primeiro destes puntos condúcenos a retornar aos dous documentos máis importantes (ou polo menos máis indiscutibles) da produción primitiva portuguesa, a chamada 'Noticia de torto' (ca. 1212) e o 'Testamento de Afonso II' (1214)⁵. Nunha primeira aproximación a estes textos, un fenómeno que salta inmediatamente á vista é a diferenza entre eles canto ao grao de elaboración e fixación dos respectivos sistemas grafemáticos. En palabras de Cintra,

aquilo que chama inmediatamente a nosa atención quando emprendemos a análise lingüística da Notícia de Torto é o carácter arcaico e hesitante da súa maneira de representar os sons do galego-portugués antigo. Deste punto de vista, afasta-se radicalmente do outro mais antigo documento redigido en portugués — Testamento de Afonso II, também ele escrito em 1214, mas cuja grafia se apresenta como muito mais regular e coerente (1990: 42).

Ou, en palabras de A. M. Martins:

A Notícia de Torto e o Testamento de Afonso II, de 1214, sendo dois documentos produzidos na mesma época, apresentam-se fortemente diferenciados no que respeita às suas *scriptae*. A *scripta* do Testamento de Afonso II é surpreen-

5. Véxase Leite de Vasconcellos (1959: 63-93), Costa (1977) e Cintra (1990). Edición e comentarios dos dous textos, coa remisión á bibliografía máis relevante, en Castro (2006: 96-143). Para a Noticia, pode verse ademais Emiliano / Pedro 2004.

dente pola regularidade que evidencia; a *scripta* da Noticia de Torto sorprende pola acentuada variación (Martins 1999: 499).

Co gallo dese acentuado contraste entre dous textos practicamente coevos e— referíndose tamén ao conxunto da produción portuguesa primitiva que antes discutimos e que ela mesma exhumou— Martins distingue dúas tradicións de *scripta* (1999: 499-504): unha elaborada e innovadora pero estable, emancipada do modelo escriturario latino-notarial, e outra ventureira, conservadora e inestable, presa ao dito modelo. A primeira correspondería á chancelaría rexia, unha oficina de produción centralizada e con poder de irradiación; a segunda aparecería como epifenómeno do carácter disperso e periférico do resto da produción, e a súa consolidación veríase bloqueada pola imposición da outra tradición, máis poderosa. Trazos salientes da segunda serían, por caso, a non estabilización da distinción gráfica entre consoantes xordas e sonoras (relacionada co peso do modelo latino), a inestabilidade na representación da africada palatal xorda / / (<ci, ti, cti, chi, pl>) e da fricativa prepalatal /ʃ/ (*pesotas, riselus, leisu*), a acentuada variabilidade da representación dos ditongos decrecentes e o aparecemento de variantes extravagantes (*pezena, pecheno* ‘pequeno’). Na nosa opinión, esta tradición de *scripta* conservadora é a directa herdeira das tentativas quasi-romances ás que fixemos referencia anteriormente.

Conforme Martins, o testamento de Afonso II non manifesta esas características:

Das versións que dele coñecemos, está practicamente ausente e a variación entre formas latinas e romances e a indistinción gráfica entre consoantes surdas e sonoras (relativizado o caso das sibilantes que constitui un dominio de estabilización tardía) (1999: 502).

Esta distinción entre dúas tradicións de *scripta*, unha innovadora e máis elaborada, outra conservadora e máis inestable, parécenos de todo punto pertinente. Ademais de caracterizalas do punto de vista formal, mediante as etiquetas que acabamos de utilizar, a nosa colega apunta outros aspectos relevantes: a *scripta* elaborada xéstase a chancelaría rexia, as *scriptae* conservadoras xorden da man de humildes escribáns provinciais, e son empregadas en tipos documentais de inferior categoría. Na nosa opinión, aínda podemos chegar máis lonxe no tocante á caracterización sociolingüística e á determinación das condicións históricas do xurdimento e desenvolvemento de cada unha das ditas tradicións. Isto é o que nos propoñemos nas seguintes liñas.

No proceso de constitución das *scriptae* romances detéctanse, efectivamente, dúas correntes distintas. Dunha banda está a deriva espontánea, len-

ta e sinuosa, das *scriptae* latino-notariais que se deixan ir permeando das variedades faladas baixo a influencia dunha serie de factores, algúns xa evocados nestas páxinas: a maior ou menor instrución dos escribáns, a crecente infiltración de elementos léxicos dificilmente 'convertibles' ás grafías latinas (topónimos, neoloxismos...), a presión a prol dunha maior comprensibilidade dos escritos, a configuración de estilos de lingua vulgarizados que se asocian a certos tipos de texto... Doutra banda, xorde a intervención deliberada de determinados centros dotados por un lado do saber suficiente para elaborar un produto cultural e tecnicamente tan sofisticado como é un novo sistema scriptolingüístico e por outro lado de poder bastante para difundilo e impoñelo nun territorio e/ou un ámbito político-cultural determinado. Nótese que no segundo caso, falamos de competencia técnica, que implica unha acumulación de coñecemento e experiencia e un persoal altamente especializado e cualificado, con dedicación profesional á produción de textos escritos; e tamén falamos de capacidade para tornarse nun punto de irradiación de normas e modelos. Naturalmente, tamén temos que falar de vontade de realizar o proxecto, que presupón motivacións concretas, ocasións desencadeantes e contextos facilitadores.

Xa que logo, é enganoso concibir a evolución dos sistemas de escrita só ou fundamentalmente en termos de deriva diacrónica espontánea e puramente gradual, análoga á dos sistemas lingüísticos (nin sequera neste caso tal modelo é, en rigor, aplicable). En realidade, aquela evolución está marcada por cesuras, momentos críticos que se traducen en bruscas aceleracións do ritmo evolutivo ou viraxes inopinadas na súa orientación. Estes saltos cualitativos de importancia decisiva, que dificilmente teñen explicación nunha perspectiva puramente evolutiva (dunha deriva gradual e espontánea, quereamos dicir), adoitan ser efecto da intervención efectiva dun daqueles centros. Máis aínda, sen a intervención dun deses centros, pode acontecer que a as *scriptae* locais por si mesmas se manteñan indefinidamente en estado de variación indecisa e non dean converxido nunha tradición unificada. Naturalmente, unha vez constituída, a *scripta* elaborada entra en relación dinámica coas *scriptae* rudimentarias, e, se se dan as condicións sociolingüísticas necesarias, será a primeira a que marque a pauta dominante.

De máis a máis, non se debe esquecer que, como antes apuntamos, a emerxencia da escrita en romance (i.e., mediante unha *scripta* autónoma) no fondo constituíu unha innovación cultural, e como tal non foi resultado de sucesivas invencións *ex nihilo* en cada un dos ámbitos en que se produciu, mais, pola contra, foi propagada dun ao outro ámbito mediante préstamo. Xa que logo, cada unha das variedades romances (cando menos da Hispania central e occidental) non se dotou desde o comezo dun sistema grafemático de seu, completamente formado e inventado exclusivamente

para as súas necesidades. Ben pola contra, máis que de invencións individuais, resulta acaído falar dunha serie de préstamos sucesivos e adaptacións parciais, adaptacións que no primeiro momento adoitan ser máis ben superficiais, e que só nalgúns casos e só a longo prazo conduciron, mediante unha cadea de reformas acumuladas, á constitución de sistemas grafemáticos plenamente autónomos non só en sentido vertical (con respecto ao latín) como tamén en senso horizontal (i.e., con respecto ás variedades romances veciñas).

Á vista disto, unha intervención puntual dun determinado centro de decisión pode producir textos a primeira vista anómalos polo alto grao de elaboración do sistema scriptolingüístico subxacente, cando comparados co conxunto da produción escrita coeva. Esta aparencia de anomalía aínda pode ser maior se, polas razóns que foren (falta de continuidade, perda de testemuños), a iniciativa se nos presenta máis ou menos illada. Á luz do devandito, convirá matizar unha afirmación (no fundamental atinada) coma a que reproducimos a seguir, formulada co gallo do testamento de Afonso II:

Não seria possível obter uma escrita portuguesa tão regular ao primeiro ensaio. A inferência é a seguinte: embora na chancelaria geral portuguesa continuasse durante mais de meio século a ser observado o costume de escrever em latim os documentos formais, destinados a perdurar no tempo e a assumir carácter oficial, já era uso, no início do século XIII, escrever em português os textos de carácter efêmero, tal como apontamentos, mensagens pessoais, rascunhos, minutas... os quais, pela sua própria natureza, muito poucas possibilidades teriam de chegar até nós" (Castro 1991: 184; a afirmación aparece lixeiramente reformulada en edicións posteriores do texto).

Tornando agora á teoría das dúas tradicións de *scripta* arborada por Ana M. Martins, parécenos oportuno sinalar que, falando máis en xeral, na produción escrita do medioevo — esmo a producida xa en época de pleno desenvolvemento da escrita en romance — é dado constatar unha correlación estreita entre estas tres variables: (a) o tipo de texto escrito segundo unha escala sociolingüística alto/ baixo, (b) a modalidade de escrita empregada, nun rango que vai da máis caligráfica á máis cursiva, e (c) o grao de elaboración da *scripta*, nun abano de modalidades desde a máis ortográfica á máis alográfica. Estamos a traballar desde esta perspectiva, e esperamos poder ofrecer resultados relevantes no futuro. Á luz disto, propomos reformular os termos da dicotomía establecida pola devandita estudosa: no canto de *scripta conservadora* – *scripta innovadora*, falariamos de *acrografía* (*scripta acrográfica*) – *basigrafía* (*scripta basográfica*), definidas non soamente polas respectivas características formais a que remite a terminoloxía proposta pola

nosa colega, mais tamén en termos funcionais e socio-culturais, seguindo polo camiño que Castro⁶ e a propia Martins emprenderon.

3.4. *O cultivo do galego-portugués na lírica no período primitivo. Atando cabos verbo da conexión galega*

Outro aspecto apuntado por Martins e que está pendente dunha exploración máis en profundidade é as presumibles relacións entre os procesos de emerxencia da escrita romance en dous xéneros de discurso distintos, como son o da produción literaria —sto é, no que nos atinxe, da lírica trobadoresca— e o da prosa instrumental. Aínda que estamos certos de que os ensaios primeirizos no primeiro dominio son anteriores aos finais do século XII, de momento as conexións concretas que podemos establecer entre as orixes do cultivo do galego(-portugués) na lírica e na prosa documental son máis ben velañas (Martins 2001a: 41-44). Endebén, está fóra de dúbida que nas primeiras décadas do século XIII se escribían textos poéticos en romance, e semella razoable supor que para iso se utilizaba un sistema de escrita de base fonográfica, que podemos figurarnos constituído a partir a imitación e a adaptación, directas ou mediatizadas, das solucións gráficas ensaiadas na lírica francesa e occitana —todo o cal resulta moi difícil de determinar, por causa da carencia de testemuños primitivos. Canto a isto non estará de máis que lembremos aquí tres fenómenos histórico-literarios relevantes⁷:

- o protagonismo da corte real galego-leonesa de Afonso IX como centro de recepción do trobadorismo occitano no occidente da Península e como alcouve onde xermolou a tradición lírica do noroeste
- a presenza sobranceira de compositores galegos, maiormente do sur de Galicia, nas dúas primeiras promocións trobadorescas
- e en relación co anterior, o papel fulcral das cortes rurais da pequena nobreza de Galicia e o norte de Portugal na acollida e impulso do fenómeno trobadoresco

6. Véxase, a título de exemplo, a seguinte observación: “Não há, na escrita da Notícia [de torto], qualquer vislumbre de regularidade gráfica (ou paleográfica): o seu escriba não era profissional, tinha hesitações frequentes quanto à representação dos sons, cometeu erros que não emendou, transitava constantemente do português para o latim. Tais defeitos não surpreendem: ele não trabalhava para o rei de Portugal, mas para um fidalgo arruinado do Minho, que não possuía chancelaria nem escriba permanente” (1991: 236; lixeiramente reformulado máis tarde: Castro 2006: 107).

7. Estes aspectos foron brillantemente pescudados polos investigadores portugueses A. Resende de Oliveira e J. C. Miranda (Oliveira 1994, Oliveira / Miranda 1995, Miranda 2004a), e neles afondamos no traballo no prelo a que fixemos referencia no comezo do presente contributo, en que se desenvolven varios dos puntos que a seguir esbozaremos.

Sobre os tres puntos, seguimos o vieiro aberto por A. Resende de Oliveira e J. C. Miranda, conforme pistas que nos viñeron suxeridas polo estudo do foral de Caldelas, e que noutro lugar serán desenvolvidas con maior extensión (Monteagudo no prelo). Como se sabe, este foral foi dado por Afonso IX en 1228, contra finais do seu reinado (Monteagudo 2005), e entre os seus confirmantes figuran na primeira columna ‘Rodericus Gomez de Trastamar’ e ‘Fernan Iohanis, filius de Johan Batissele’, e na terceira un ‘Fernan Pelagii Varella’, que teño identificado con razoable seguranza como o trobador Fernan Paez de Tamallancos, naqueles anos tenente da terra de Búbal, veciña á de Caldelas. Máis adiante veremos a onde nos conducen as relacións que podemos establecer entre estes tres personaxes e as primeiras xeracións trobadorescas.

Nas magras ringleiras da xeración inicial da lírica cortesá — dos autores que trobaron no primeiro cuartel do século XIII — parecen ser de proxenie galega Ayras Moniz d’Asme, Diego Moniz, Pero Paez Bazaco, Ayras Soarez e Osoyro Eanes. Os presumibles irmáns Ayras e Diego Moniz pertencían a unha xinea enraizada na terra de Asma, no suroeste da actual provincia de Lugo, contigua á de Búbal (no noroeste da actual provincia de Ourense), conexión sobre a que de contado voltaremos (Oliveira 1994: 316-317; Miranda 2004: 81-90 e 91-96). Pedro Paez Bazaco ou Bazoco, a xulgar polo testamento do seu presumible pai, Pelagio Bazaco, pertencía a unha liñaxe da pequena nobreza afincada nas proximidades da cidade de Ourense e con propiedades nas terras estremeiras de Aguiar e Búbal, entre outras (Oliveira 1994: 423)⁸.

Por parte, outro integrante da promoción inicial, o nobre luso García Mendiz d’Eixo, cabezaleiro da liñaxe aristocrática dos Sousa, compuxo a súa única cantiga coñecida (significativamente, en occitano) por volta de 1215, coincidindo co seu exilio temporal no reino de León. Ora, no verso inicial dese cantar (*B* 454, “Ala u nazq la Torona”, véxase Miranda 2004a: 69-77) transparece o vencellamento do autor coa terra de Toroño — uxos límites coincidían cos da diocese de Tui —, onde precisamente tomou como esposa a Elvira González de Toroño (Michaëlis de Vasconcelos 1904, II: 327; Oliveira 1993). Polo seu carácter fronteirizo, naqueles tempos a terra de Toroño mantívose intensamente permeable en relación co reino de Portugal, como testemuñan as conexións familiares non só de García Mendiz — e outras moitas do lado portugués (véxase a seguinte nota a rodapé), — mais tamén

8. Para Pelagio Bazaco, suposto pai do trobador, véxase Duro 1996, nº 84, datado en 1193, e nº 238, s.d., datable na primeira metade do século XIII (manda testamentaria deste, onde cita *Petrus Pelagii, filius meus*); para Pedro Bazaco, o propio trobador, véxase Duro 1996, nº 238, datado en 1223. Un “Rodericus Petri, connomento Bazaco”, que aparece nun documento de 1234 (Fernández de Viana / González Balasch 1999, nº 216) pode ser fillo do trobador.

dunha das liñaxes galegas máis sobranceiras que alí fundían as súas raigañas, os Arias, *Batissela* ou Limia⁹.

Esta xinea, xurrida do enlace entre Fernando Arias Batissela e Teresa Vermúdez de Traba¹⁰, estivo encabezada nos finais do século XII e comezos do XIII sucesivamente polo fillo primoxénito desta parella, Johan Fernandez Batissela, que casou en primeiras nupcias con Berenguela Gil Alonso [de Baiam]¹¹, e polo primoxénito deste casal, Fernan Eanes Batisela. Este, pola súa volta, foi casar con outra doncela portuguesa, Teresa Eanes, filla do matrimonio formado por Guiomar Mendiz (irmá de Garcia Mendiz d'Eixo) e Johan Perez da Maia. Fernan Eanes Batissela mantivo un vencellamento comprobable co ambiente trobadoresco das primeiras décadas do século, como axiña veremos.

Nas ringleiras da segunda xeración trobadoresca, que abranxe os autores que se exercitaron (ou comezaron a exercitarse) entre 1220 e 1240, queremos salientar media ducia de nomes, uns pola orixe galega e outros polas conexións con Galicia: Fernando Paez de Tamallancos, Pay Soarez e Pedro Vello de Taveirós dunha banda, e Roy Gomez de Briteiros, Martin Soarez e o conde Gonzalo Garcia de Sousa da outra. O trobador Fernando Paez de Tamallancos está inequivocamente identificado cun *Fernando Pelagii* cabaleiro (*armiger*) documentado entre 1216 e ca. 1242 como tenente do castelo de Alba e a terra de Búbal, onde aquel estaba situado (Oliveira 1994: 343)¹². Ati-

9. Véxase Mattoso 1985, 187. O mesmo historiador ten afirmado, falando do século XII e a primeira década do XIII: "As relacións familiares entre os nobres dos dous lados da fronteira, e as fáceis oscilacións dos señores entre os dous reinos, mostran una perfeita ósmose entre as nobrezas galega e portuguesa, senón una verdadeira identidade" (Mattoso 1985: 180-81; véxase tamén pp. 182-84, onde fai referencia concreta á familia Limia). Sobre os Arias Batissela (ou *Baticela*) véxase García Álvarez 1966, López Sangil 2005 tamén se refire a esta familia, na medida en que portiña cos Traba. Sobre a terra de Toroño nos séculos XI a XV, véxase Fernández Rodríguez 2004.
10. Teresa Vermúdez era neta do célebre Pedro Froilaz de Traba por parte do seu pai (o conde Vermudo Perez), e por parte da nai, Urraca, era sobriña do primeiro rei de Portugal Afonso I Henriquez. Por outra banda, Rodrigo Gomez de Trastámara, de quen falaremos a seguir, era bisneto por parte do pai (o conde de Trastámara Gomez González) de Fernando Perez de Traba, o fillo de don Pedro Froilaz que tivo amores con dona Tereixa de Portugal, a nai de Afonso Henriquez.
11. Posteriormente, Johan Eanes Batissela casaría coa famosa Maria Paez Ribeira, a *Ribeiriña*, tamén filla dunha liñaxe de Toroño, e célebre porque fora amante de Sancho I de Portugal, de quen tivo o futuro trobador Gil Sanchez (Michaëlis de Vasconcelos 1904, II, 318-19 e 527-29). Gil Sanchez estivo unido a dona Maria, filla de Garcia Mendiz d'Eixo. Outro froito dos amores de Sancho I e Maria Paez foi Teresa Sanchez, que estivo casada con Afonso Tellez de Meneses, o sogro de Rodrigo Gomez de Trastámara (véxase máis abaixo). Unha filla da *Ribeiriña* e Johan Fernandez Batissela, de nome Teresa Anes, foi casar cun fillo de Garcia Mendiz d'Eixo, Mem Garcia de Sousa (Michaëlis de Vasconcelos 1904, II, 330).
12. Este trobador aparece como confirmante do foral do burgo de Caldelas de 1228 ("Fernando Pelagii Varela"). Adiantando datos que detallarei no traballo no prelo, deixo constancia de que te-

nadamente, o investigador José Carlos Miranda sinalou que “non deixa de ser sintomático que os poucos nomes que compoñen o novo grupo sejam esencialmente oriundos do Sul da Galiza” (2004a: 62). Endebén, a observación é susceptible de maior precisión, pois as devanditas referencias nos envían a unha área moito máis acoutada, situada ao norte da cidade da Ourense, e constituída polas terras de Aguiar, Búbal, Orcellón e Asma (véxase sobre isto o noso traballo no prelo reiteradamente citado).

Vaiamos agora ás conexións con Galicia do grupo de trovadores portugueses que antes citamos. Está documentada a estada de Roy Gomez de Brieteiros, infanzón portugués dunha liñaxe da pequena nobreza do Miño, na corte de Afonso IX, pois en 1226 aparece como mordomo do rei de man do infante portugués Pedro Sanchez, fillo de Sancho I, e un dos personaxes máis sobranceiros da corte galego-leonesa naquela década (Oliveira 1994: 431-32; véxase González 1944, II, nº 473). Deste trovador sobreviviu un exiguo legado textual, dúas breves cantigas de escarnio, unha delas fragmentaria (*B* 1543-1544, Lapa 1970, nº 408-409), pero en troca alcanzounos de cheo o eco chocalleiro dun escandaloso episodio que protagonizou (Michaëlis de Vasconcelos 1904, II: 324-33 e 336-41). Por volta de 1227, o infanzón deu en raptar, para forzar o matrimonio, unha doncela de xinea ben máis elevada cá súa, dona Elvira Eanes, filla de Johan Perez da Maia. Como acabamos de sinalar, a irmá desta doncela, Teresa Eanes, viña sendo a dona do ricome da Galicia meridional Fernan Eanes Batissela.

O vergoñento incidente foi escarnecido polo trovador Martin Soarez (*B* 172, Lapa 1970, nº 285; véxase Bertolucci 1992: 112-14), un autor orixinario de Riba de Lima en Portugal, quen pola súa volta trabou relación con Pay Soarez de Taveirós, como queda patente na tenzón que entre os dous teceiron, transmitida polo Cancioneiro da Biblioteca Nacional (*B* 144, Lapa 1970 nº 301; Bertolucci 1992: 49-50). Ora, Pay Soarez é dunha banda autor da singular ‘cantiga da guarvaya’ (*A* 38), frechada a unha ‘filla de don Paay Moniz’, que Carolina Michäelis estaba convencida de que se trataba de María Paez a Ribeiriña, quen primeiro foi amante de Sancho I de Portugal, e despois, esposa de Johan Fernandez Batissela, e— por tanto, madrastra de Fernando Eanes Batissela¹³. Por parte, Pay Soarez é coautor doutra tenzón co seu irmán Pero Vello de Taveirós (*B* 142; Vallín 1996: 95-97), que, segundo a rúbrica que a precede, ía frechada a “duas donzellas muy fremosas e filhas d’algo

ño identificado este Fernando Paez de Tamalancos como fillo de Pelagius Muniz Varela (quen foi tenente do castelo de Pedraio na terra de Aguiar), tal como se consigna en varios documentos de finais do século XII.

13. Discute esta identificación de María Paez o investigador Oliveira 1994, 402. Véxase tamén sobre isto Vallín 1996: 232-34.

assaz, que andavan en cas dona Mayor, molher de dom Rodrigo Gomez de Trastamar” (Michaëlis de Vasconcelos 1904, II: 314-17; Oliveira 1994: 401-402 e 424-25). Tendo en conta esta referencia a dona Mayor [Tellez de Meneses], parece que a cantiga non debe ser anterior a 1226-28, pois no segundo ano rexistramos por primeira vez don Rodrigo e dona Mayor como marido e esposa (Vieira 1999: 53, López Sangil 2005: 168).

Sen dúbida, a actividade lírica dos portugueses Roy Gomez de Briteiros e Martin Soarez e mais dos galegos Pero Vello e Pay Soarez de Taveirós desenvolveuse no segundo cuartel do século XIII, pero non dispoñemos de ningunha proba concreta que permita datar algún dos seus textos con maior precisión. O certo é que dos que podemos conxecturar unha datación aproximada, algúns apuntan máis ou menos vagamente cara á década dos 30 e outros cara á dos 40.

Fillo do antes amentado Garcia Mendiz d'Eixo e da nobre galega Elvira Gonzalez de Toroño, o conde Gonzalo Garcia de Sousa tamén gustou de trobar. A única composición del que chegou a nós (*B* 455, *V* 346; Lapa 1970 n.º 176) satiriza un acontecemento semellante ao protagonizado por Roy Gomez de Briteiros: o rapto de Maria Rodriguez Codorniz da casa do seu parente Rodrigo Gomez de Trastámara por parte dun tal Johan Bezerra, tamén con vistas a forzar un matrimonio vantaxoso (Michaëlis de Vasconcelos 1904, II: 330, n. 2; Oliveira 1994: 354-56)¹⁴. Esta Maria Rodriguez Codorniz era curmá directa de Fernan Eanes Batisela, como filla do tío paterno deste, Rodrigo Fernandez Codorniz¹⁵.

Recapitulando sobre a información que acabamos de ofrecer, resulta que as tres mulleres escarneidas nalgunhas das máis antigas cantigas satíricas recollidas dos nosos cancioneros trobadorescos viñan portando con Fernan Eanes Batisela: a súa madrastra Maria Paez a Ribeiriña (a identificación está agora en dúbida), a súa cuñada Elvira Eanes (irmá da súa dona), e a súa curmá Maria Rodriguez Codorniz. Neste último caso, é de sinalar tamén o vencilamento coa casa de Rodrigo Gomez de Trastámara, á que doutra banda se refire (con mención expresa da esposa deste), outra composición máis. O menos que se pode dicir desta trama de relacións é que resulta dabondo suxestiva do papel de certas familias nobres de Galicia no acollemento da lírica trobadoresca.

14. O pai de Rodrigo Gomez de Trastámara, o conde Gomez González, ao parecer estivera casado cunha tía paterna de Fernando Eanes Batisela, chamada María Fernández, aínda que non está claro se esta foi a nai de don Rodrigo (López Sangil 2005: 153, n.). En todo caso, esta relación reforzaría o parentesco entre Fernando Eanes Batisela e Rodrigo Gómez de Trastámara.

15. Maria Rodriguez Codorniz acabaría aparentada coa liñaxe dos Mariño. Pola súa banda, Johan Bezerra figura a carón de Rodrigo Gomez de Trastámara en documentos labrados na década dos 50.

Para rematar, fixaremos por un intre a nosa atención en Rodrigo Gomez de Trastámara: tratábase do cabezaleiro da liñaxe máis poderosa de Galicia durante o século XII (López Sangil 2005), portuña con algunhas das principais familias aristocráticas de Castela, León e Portugal, varias delas implicadas na recepción da lírica cortesá occitana no centro-occidente da Península — Cameros, os Haro, os Telles de Menseses, os Mendez de Sousa (Michaëlis de Vasconcelos 1904, II: 317)— e el mesmo foi o principal magnate do reino ata o seu pasamento ca. 1261. En definitiva, existen indicios moi reveladores que apuntan ao papel clave da corte de Rodrigo Gomez na acollida, aclimatación lingüístico-cultural e difusión da lírica trobadoresca no noroeste da península (Vieira 1999)¹⁶.

Tornando agora ao comezo da nosa digresión, coidamos ben fundada a conxectura de que na corte de Afonso IX a experiencia da escrita literaria en romance, e máis particularmente en galego, non só non debía ser descoñecida, senón que foi intensamente promovida, cando menos a partir de ca. 1220, e o mesmo podemos dicir da corte de Rodrigo Gomez de Trastámara e dalgunhas pequenas cortes señoriais do centro e sur de Galicia, cun papel aparentemente sobranceiro da área inmediatamente ao norte da cidade de Ourense, nas terras de Aguiar, Búbal, Orcellón e Asma. Secomasí, non dispoñemos de datos precisos que permitan concretar a relación entre o cultivo do galego en composicións literarias e a súa emerxencia na escrita instrumental.

Sabemos que probablemente por efecto do marco diglósico latín/vulgar, no imaxinario (socio)lingüístico medieval estaba vixente unha rixida distinción de estilos de discurso, á que se asociaba o emprego de modalidades idiomáticas distintas, e de aí a tendencia a adscribir determinados xéneros literarios a certas linguas (Monteagudo 1999: 89-93). Quizais a rixidez desa asociación foi suficiente para bloquear durante un tempo a transferencia desde o ámbito da poesía lírica ao da prosa instrumental ben do uso do idioma romance ben das solucións gráficas adoptadas. O que resulta difícil de admitir, mesmo que carezamos de evidencias palpables, é a presuposición de que ese bloqueo se mantivo incólume ata a segunda metade do século XIII, de xeito que en ningún momento se tería producido ningún tipo de transferencia ou contaminación dun ámbito ao outro. Xa que logo, parece-

16. De resto, tamén é posible establecer cun grao razoable de confianza a conexión doutros trobadores co magnate galego Rodrigo Gomez Trastámara, tales como Pero Garcia de Ambroa, Nuno Fernandez de Mirapeixe ou Joan Lopez de Ulloa (Vieira 1999: 148); pero estes nomes remítennos a un ámbito xeográfico distinto ao sur de Galicia (o centro-norte do país), e os contactos producíronse probablemente a finais da terceira ou durante a cuarta e quinta décadas do século.

nos altamente cuestionable o suposto de que a emerxencia do cultivo do romance na prosa instrumental se efectuou de xeito absolutamente independente da consolidación e extensión do cultivo do mesmo na poesía.

Velaí unha razón máis para mirar con outros ollos os tenteos primeiros do uso do romance en prosa que manifestan unha *scripta* en avanzado estado de elaboración: non só existía a posibilidade de que un medio cultivado e con recursos (como unha oficina real) tomase emprastadas solucións de variedades romances coas que estaba en contacto e que se atopaban nun estadio máis avanzado do proceso de elaboración da correspondente *scripta*, mais tamén se podía experimentar transvasando cara á prosa instrumental solucións probadas na escrita poética.

3.5. *Cabo. Sobre a emerxencia da escrita romance en Galicia*

Á luz do que levamos dito consideramos escasamente convincentes liñas de argumentación como a seguinte, referida á hipótese de que o foral do Burgo de Caldelas fose redactado en romance (galego) nunha data tan temperá como 1228, e co nivel de elaboración de *scripta* que salta á vista á primeira ollada:

é anacrónico pensar que nessa altura umha parte da comunidade (discursiva) galega pudesse demandar umha versom vernacularizada para esse foral. Relembre-se que em 1228 no reino galaico-leonés vigorava sem excepçõs conhecidas o código de *scripta* latino(-románico), de feito até 1231 nom foi localizado qualquer documento no novo sistema gráfico galego-português. Existe, portanto, umha importante antinomia na hipótese lançada: como é que os 'veciños' de Castro Caldelas poderiam ter interesse por umha prática escritural (romance) que em 1228 (ainda) nom existia? (Souto Cabo 2006: 30).

Estamos perante un razoamento circular. Se o foral do Burgo de Caldelas foi redactado en romance na data sinalada —*quod erat demonstrandi*— daquela xa non é certo que na altura vigorase sen excepcións o código de *scripta* latino(-románico); mentres que a única maneira que temos de determinar ata cando vigorou *sen excepcións* ese código de *scripta* é xustamente verificando cando aparecen as primeiras excepcións. Se o foro se escribiu en romance na data en discusión, isto é un indicio razoable de que algúns veciños (entre as elites locais, obviamente) tiñan interese por unha práctica escritural que dalgunha maneira coñecían, e que por tanto dunha ou outra maneira esta debía existir. Endebén, a práctica escritural que eles puideron coñecer non tiña por que existir previamente *en galego* (esta presuposición si que podería resultar anacrónica) *e/ou naquel tipo concreto de texto*: de fei-

to, se así fose, xa non estaríamos perante a primeira tentativa. Con ese tipo de razoamento, simplemente nunca poderíamos admitir unha primeira tentativa, dado que cando esta presuntamente se produciu, non existía a novidade que supón esa nova tentativa... e así seguiríamos en bucle *ad infinitum*.

En realidade, non é posible determinar *a priori* cando deixa de ser anacrónica a hipótese de que unha parte dunha comunidade discursiva mostra-se interese nunha versión vernacularizada dun texto ou nunha determinada práctica escritural: un xuízo deste tipo só posible fundalo nos datos de que dispoñemos previamente. Pretender o contrario é pedirlle á realidade que se conforme coa teoría (ou co preconcepto), no canto de adaptar a teoría ao noso coñecemento da realidade.

No caso aquecente, os axentes da innovación —o grupo de veciños de Caldelas que solicitan o foro, escribían que o redacta, responsables da chancelaría que validan, e no seu caso, o propio monarca— puideron tomar exemplo dunha experiencia coñecida que fose verificada nunha variedade romance próxima (por caso, o leonés ou o castelán) e nun tipo de texto semellante (un texto foral da mesma familia, coma o de Avilés). Doutra banda, tamén podían coñecer textos escritos en vulgar galego, pero adscritos a un subtipo xenérico diferente (acaso, cantigas trobadorescas). Estamos a discutir a hipótese dunha innovación, xa que logo, por definición estamos a tratar de algo que (ata onde sabemos) non se fixo antes; pero debemos de ter en conta que a innovación non é absoluta, non se trata dunha invención *ex nihilo*. A orixinalidade puido consistir en combinar o coñecemento dun fenómeno dun ámbito (a chancelaría leonesa custodiaba o Tratado de Cabrerros, diploma real en romance; os veciños de Caldelas podían saber dun texto foral en romance, como acabamos de sinalar) coa noticia doutro fenómeno nun ámbito distinto pero relacionado (a escrita en romance galego noutro xénero de discurso), para producir algo (relativamente) inédito.

Non pretendemos que a devandita argumentación sexa probatoria e menos aínda concluínte, só queremos pór de vulto a inanidade de obxeccións do estilo da exposta, ao tempo que suxerimos unha posible explicación para un fenómeno que, de certo, polo seu carácter extraordinario esixe unha explicación particular ben convincente.

Como antes apuntamos, o noso coñecemento do proceso de emerxencia do romance galego incrementouse notablemente nos últimos anos. Cando nós mesmo realizamos, hai máis de vinte anos, un estudo sobre o uso escrito do galego, castelán e latín na Idade Media (Monteagudo 1985) carecíamos de calquera pescuda sistemática en que estearnos, o cal nos desaconsellou daquela emprender unha abordaxe específica desta cuestión. Na actualidade

de, para realizar o presente estudo puidemos contar cos importantísimos contributos de R. Lorenzo (2004b), que considera de forma global a documentación galega do século XIII, e de A. Boullón Agrelo (2004 e 2005), que se concentra nos documentos do período propiamente primitivo, isto, anteriores a 1260¹⁷. Tamén se ten aproximado á cuestión J. A. Souto Cabo, cunha achega realizada a partir do citado traballo de A. Boullón, que aparece ampliada con referencia á documentación inédita e corrixido en determinados pormenores (Souto Cabo 2006)¹⁸.

Manexando os datos sobre o galego-portugués destes estudosos e doutros que fomos citando, aos que engadimos os referentes ao astur-leonés que tamén deixamos consignados no lugar correspondente, elaboramos a táboa que aparece ao final destas liñas (táboa nº 4). Incluímos nela a produción primitiva galega, isto é, anterior a 1255, e os documentos luso-romances e astur-leoneses anteriores a 1250. Deixamos fóra, salvo excepción, os documentos alternantes latino/galegos en que a sección en galego é diminuta, e tampouco incluímos os latino-romances 'borrosos', pois veñen tratados na contribución de R. Gutiérrez e A. Cabana neste mesmo volume.

Con todo, para colocarmos esta información na debida perspectiva histórica, non pode esquecerse que o groso ~~p~~ or non dicir a totalidade— da documentación anterior a 1250 que chegou a nós procede de fondos eclesiásticos, pois da Galicia anterior á metade do século XIV só sobreviviron arquivos catedralicios e monásticos; os (comparativamente) escasos documentos de orixe municipal, señorial ou en xeral laica que nos chegaron, foron practicamente sempre transmitidos a través dalgunha institución relixiosa. Esta observación resulta especialmente relevante se se ten en conta que parece razoable conxectar que, a falla do apoio dunha chancelaría rexia propia (galego-leonesa) a partir de 1230, o emprego do galego na escrita sería mellor, e probablemente antes, acollido polos señores e os burgueses ca polo clero.

Apoiándonos do conxunto de informacións que achegan os devanditos especialistas, propomos considerar o ano 1255 como o fito que marca unha nidia mudanza de rumbo na emerxencia da escrita en romance galego. A razón é moi sinxela, pois nese ano rexistramos non menos dunha ducia de

17. Aproveitamos para deixar constancia do noso agradecemento pola xentileza e xenerosidade de R. Lorenzo e A. Boullón, ao permitírennos manexar os seus traballos aínda inéditos, dárennos acceso aos seus materiais de base e resolvérennos máis dunha dificultade. O presente contributo é fondamente debedor do traballo destes dous colegas e amigos.

18. Achega de valor innegable, vén deslucida por un estilo de crítica impropio dun traballo académico. Non será posible sinalar eivas do traballo dun colega e discutir os seus puntos de vista, sen caer en descualificacións, esaxeros e obxeccións fóra de lugar?

cumentos plenamente romances, que aparecen redactados en dez lugares distintos, o que dá a medida da difusión que estaba atinxindo a innovación (Boullón 2004: 24-25; Souto Cabo 2006: 65): Santa Clara de Allariz, Santa Comba de Naves, Sobrado de Trives, Monforte, Ferreira de Pallares, Vilanova de Lourenzá, Lugo, Melón, Montederramo... A partir dese ano e ata 1260, rexístranse un mínimo de cinco documentos por ano (1256) e un máximo de trinta e dous (1259), nunha tendencia de incremento progresivo que se consolidará e acentuará na década seguinte.

Na táboa nº 4 bótase de ver a presenza de centros da Galicia estremeira (San Pedro de Montes, San Martín de Castañeira, Carracedo), oriental (Penamaior, Sobrado de Trives, Meira) e central (Allariz, Melón, Montederramo, Monforte, Lugo e Ferreira de Pallares) e a escaseza de testemuños da Galicia máis occidental (San Salvador de Lérez, San Miguel de Oia). A isto pode contribuír a relativa maior cantidade de fontes documentais conservadas (e/ou editadas) daqueles territorios, pero alén diso hai que ter en conta dous factores: (a) a procedencia centro-peninsular da innovación, que se veu internando en Galicia desde o oriente, (b) boa parte das áreas máis poboadas da Galicia occidental situábanse baixo o señorío o a directa influencia da catedral de Santiago, que, polo que se ve, actuou como elemento claramente retardatario na recepción desa innovación.

En todo caso, antes daquel ano que acabamos de sinalar, 1255, a escrita en romance galego é episódica, mentres que de alí en diante tórnase moito máis frecuente: unha, dúas ou como moito tres pezas por ano no lustro 1250-54, fronte ao total de aproximadamente setenta e cinco documentos no período 1255-59. Por tanto, nunha primeira ollada comparativa entre os datos de Galicia e os de Portugal, salta á vista que o punto de arranque do uso dunha escrita plenamente vernáculo ('autónoma' desde o punto de vista scriptolingüístico), aínda que modesto en frecuencia, é considerablemente anterior no territorio de aquén-Miño (*ca.* 1255) do que no de alén-Miño (*ca.* 1270).

Viremos agora a nosa atención cara á produción 'primitiva', isto é, anterior a 1255. Incluímos unicamente textos en galego plenamente romances (aínda que moitos deles presentan distintos graos de mestura ou alternancia de código co latín, leonés ou castelán), ata un total de vinte e un, coa seguinte distribución cronolóxica e espacial: Allariz (1228, 1244 e 1251; o de 1250 é basicamente latino cun pequeno treito en galego), Melón (1231 e 1233), Vilanova de Lourenzá (1232?), San Salvador de Lérez (1237), Lugo? (1239?), Penamaior (1241), Sobrado (1242-52 *ca.*), Ferreira de Pallares (1243 *ca.*, 1247 e 1251), Oseira (1251), Castañeira-Zamora (1251-52), Meira (1251 e 1254), Oia (1253), Lugo (1253). Novamente, salienta a localización oriental (Castañeira, Lourenzá, Penamaior, Meira) e central (Allariz, Sobrado, Ferreira

de Pallares, Oseira, Melón, Lugo) dunha boa parte dos testemuños, aínda que neste período non falta representación do occidente de Galicia (Oia, Lézrez). Salienta tamén o carácter marcadamente rural das comunidades en que se xeraron, coa excepción de Allariz e Lugo. A diocese compostelá, especialmente a cidade de Santiago e o señorío do arcebispo, parecen constituír baluartes de resistencia fronte ao pulo do romance escrito.

Parece sensato relacionar a localización máis ben oriental dos primitivos centros de produción de galego escrito con outros elementos que apuntan no mesmo sentido, nomeadamente o emprego temperán do astur-leonés en mosteiros fronteirizos co dominio galego, e sobre todo o surto da escrita romance en tres centros monásticos 'estremeiros' xa sinalados, Carracedo, Castañeda e, particularmente, San Pedro de Montes. Queremos volver chamar a atención para o feito de que estes tres mosteiros pertencían á diocese de Astorga, da que tamén formaban as bisbarras nordorientais da actual provincia de Ourense (A Rúa, A Pobra de Trives e Viana do Bolo), veciñas deses mosteiros.

A emerxencia da escrita vernácula en Galicia tamén pode relacionarse coa aparición de escritos en astur-leonés ou *inter-romances* (galego-astur-leonés) nalgúns dos seus centros primitivos de produción. A isto parece apuntar, na nosa opinión dun xeito moi claro, a cronoloxía dos documentos en romance dos cartorios do mosteiro de Melón (un documento bilingüe leonés galego ca. 1228, os primeiros documentos en galego de 1231 e 1233), e Oseira (un documento en galego interferido de castelán ou leonés de 1251). Aconteceu algo semellante en Portugal? A información de que dispoñemos é insuficientemente precisa como para podermos aseguralo. No que atinxe a Galicia, parece razoable deducir do devandito que as tentativas primitivas de escrita instrumental en galego puideron verse aguilloadas (cando menos nalgúns lugares) polo exemplo de ensaios previos en astur-leonés, nunha onda expansiva que chegaría a Galicia polo levante e avanzaría paseniñamente cara ao solpor. Nesta liña, deixando á parte o feito de que figure como confirmante en numerosos diplomas reais en castelán, é interesante advertir que Rodrigo Gomez de Trastámara aparece como outorgante dunha carta en leonés datada en 1247 (AHN, Clero, c. 1738, nº 2; véxase Vieira 1999: 50), antes de xurdir como tal en calquera escritura en galego — isto, a pesar de que sabemos que posuía notario propio (López Sangil 2005: 169-70).

Doutra banda, debe salientarse a relación que semella existir entre o emprego do romance nalgúns deses textos e varios aristócratas dos máis empoleirados da Galicia coetánea. Isto sería máis visible se considerásemos tamén os textos do período 1255-1260. Por caso, destaca a asociación de Munio Fernandez de Rodeiro, que foi meiriño do rei Fernando III en Galicia, coa escritura en galego de 1247 (Ferreira de Pallares), e posteriormente con va-

rias do período 1255-60 (véxase por exemplo, Maia 1986, nº 19-22, datadas entre 1255 e 1258). Tamén chama a atención que o outorgante da carta en galego de 1253, a primeira nesta lingua da colección de Oia, sexa Fernando Anes (o antes amentado Fernando Eanes Batisela que confirma o foral de Caldelas), un dos magnates da Galicia meridional, do que xa sinalamos conexións con medios trobadorescos. Igualmente, non se pode deixar de traer a conto dous textos forais: o pacto de Alvaro Gonzalviz cos homes de Piñeiro trasladado no Tombo de Lourenzá (datado en 1243, Rodríguez González / Rey Caiña 1992: 126-27, en 1232, con bos argumentos, por Souto 2006: 37-38), e o foro outorgado por dona Toda aos habitantes de Vila Boa (Allariz), en 1244.

Noutro sentido, e ao fío destes documentos, hai que constatar que a distinción tipolóxica entre documentos probatorios e documentos dispositivos, que tan rendible parece resultar para o territorio portugués (onde a práctica totalidade da produción primitiva é de tipo probatorio) se revela de escasa utilidade para os textos producidos no territorio galego, pois aquí aparecen desde o inicio documentos en romance de tipo dispositivo.

Pero se o dito vale para o período primitivo, cando reparamos no momento da emerxencia (1255), non podemos deixar de pensar no probable influxo do comportamento da corte real castelá-leonesa, co impulso que estaba a dar ao romance castelán a través da chancelaría. Seguindo agora a Lorenzo (2004b), comprobamos que a Galicia chegaron escrituras en vernáculo castelán (ao comezo con protocolo e escatocolo en latín, despois plenamente castelás) emanadas da chancelaría de Fernando III polo menos a partir de 1247: dese mesmo ano a Santiago (González 1983, vol. III, nº 746), de 1248 a todos os concellos de Galicia (*ibidem*, nº 765), de 1250 outra vez a Compostela (cinco documentos: *ibidem* nº 795, 796, 799, 800, 801), a Ferrol e mais a Tui (*ibidem*, nº 794), en 1252 de novo a Santiago.

A novidade tornouse rutineira baixo o reinado de Afonso X, cuxa chancelaría anegou Galicia de diplomas en castelán: o investigador que seguimos rexistra ata un total de vinte e catro escrituras emanadas da Corte con destinatarios en Galicia entre o primeiro ano do seu reinado (1252) e o noso ano de referencia de 1255: en 1252 á catedral de Ourense e aos mosteiros de Carboeiro e Celanova, nese mesmo ano e 1254 a Sobrado, en 1255 á Coruña, Carboeiro, Celanova (catro documentos, Melón, Montederramo, Moraime, Santa Comba de Naves, Oseira (dous documentos), catedral de Ourense, Pedroso, Ribas de Sil, San Clodio do Ribeiro, Sobrado, Toxos Outos, san Mariño dos Piñeiros. Nese curto período, o Rei Sabio dirixiu non menos de dezaseis privilexios a Santiago, coa seguinte distribución cronolóxica 1252 (2), 1253 (4), 1254 (3), 1255 (7). O exemplo da chancelaría real tivo forzosamente que influír no pulo da escrita do romance galego neses anos, e marcar a pauta nas seguintes décadas.

En relación con isto, nun traballo que proximamente daremos a lume focalizamos a nosa atención no contributo dos notarios de concello e os notarios de designación real no surto da escrita vernácula na Galicia da segunda metade do século XIII. Pero eses son xa outros tempos, que levantan cuestións distintas ás tocadas na presente achega.

1212-1216	Bastuço	Portugal	(galego-)portugués	Noticia de Torro
1213	Belmonte	Asturias	astur-leonés	Floriano
1214	Coimbra	Portugal	(galego-)portugués	Test. Afonso II
1222	Villanueva de S. Mancio	Asturias	astur-leonés	García Arias
1227	Vega	Asturias	astur-leonés	García Arias
[1228]	Ribadavia (Tombo das Viñas)	Ourense	astur-leonés	Boullón 2004
[1228-1250]	Allariz	Ourense	galego(-)portugués	Foro de Caldeas
[1220-1230]	Santa Maria de Tarouquela	Portugal	(galego-)portugués	Souto 2003b
1230 ca.	Cáceres	Cáceres	leonés	Foro extenso
1230	S. Salvador de Oviedo	Asturias	astur-leonés	García Arias
1230	S. Pedro de Montes	Berzo	galego-leonés	
1231	Melón	Ourense	galego(-)portugués	Boullón 2004
[1232]	Vilanova de Lourenzá	Lugo	galego(-)portugués	Souto 2006
1233	Melón	Ourense	galego(-)portugués	Boullón 2004
1234	S. Salvador de Vairão	Portugal	(latino-)portugués	Martins nº 14
[1234-36]	Sobrado / Almerezo (Ponteceso)	A Coruña	(latino-)galego	M. Salazar 1911
[1235]	Castelo Rodrigo	Portugal	leonés(-)galego	Foro extenso
1235	S. Pedro de Montes	Berzo	galego-leonés	Boullón 2004
1236	Sta. Eufemia de Ferreira de A.	Portugal	leonés	Martins nº 16
1237	San Salvador de Lérez	Pontevedra	(latino-)galego	Souto 2006
1238	S. Pedro de Montes	Berzo	galego-leonés	Boullón 2004
1238	Moreuela	Zamora	leonés	Rodríguez 1990
[1240]	Castelo Melhor	Portuga	leonés	Foro extenso
[-1240]	Vilar de Donas	Lugo	castelán/galego	Boullón 2004
1241	Penamaior	Lugo	galego(-)portugués	Souto 2006
1241	S. Martín de Castañeira	Berzo	galego-leonés	Souto 2006
1241	[2] Toxos Outos	A Coruña	leonés	Lorenzo 2004b
[1241-47] [6]	S. Pedro de Montes	Berzo	galego-leonés	Boullón 2004
1242	Moreuela	Zamora	leonés	Rodríguez 1990
[1242-52]	Sobrado	A Coruña	galego(-)portugués	Boullón 2004
1243	San Pedro de Pedroso	Portugal	(galego-)portugués	Martins nº 17
1243	Toxos Outos	A Coruña	leonés	Lorenzo
[1243]	Ferreira de Pallares	Lugo	galego(-)portugués	Souto 2006
[1235-1244]	Arouca Portugal		(galego-)portugués	Souto 2003b
1244	Corniana	Asturias	astur-leonés	García Arias
1244	Allariz / Vilaboa (A Veiga)	Ourense	galego(-)portugués	Boullón 2004
1245	San Pelayo	Asturias	astur-leonés	García Arias
1245 [2]	Carracedo	Berzo	galego-leonés	Boullón 2004
1246	Melón	Ourense	leonés	Lorenzo
1247	Ferreira de Pallares	Lugo	galego(-)portugués	Boullón 2004
[1230-1250]	Viseu	Portugal	(galego-)portugués	Souto 2003b

Táboa nº 4. *Cartas en romance nas áreas galego-portuguesa e astur-leonesa anteriores a 1250 (non incluímos a documentación editada por Staff). Elaboración propia.*

Nº	Data	Lugar	Arquivo
1	[1228-1250]	Allariz	Archivo Duques de Alba
2	1231, agosto, 25	Melón	AHN 1441 / nº 4
3	[1232]	Vilanova de Lourenzá	AHN, Clero, Tumbo 1044B
4	1233, febreiro, 4	Melón	AHN 1441 / nº 11
5	[1234-36]	Sobrado / Almerezo (Ponteceso)	ARG nº 312
6	1237, abril, 17	S. Salvador de Lérez	AHN 1786 / nº 18
7	[-1240], decembro	Vilar de Donas	AHN, Ord. Mil. 390 / nº 199
8	1241, setembro	Penamaior	AHN 1216 / nº 9
9	[1242-52]	Sobrado	ARG nº 112
10	[1243]	Ferreira de Pallares	AHN 1216 / nº 9
11	1244, xaneiro	Allariz / Vilaboa	AHPOu Allariz C-6 / nº 1
12	1247, abril, 6	Ferreira de Pallares	AHN 1086 / nº 3
13	1251, abril, 14	Ferreira de Pallares	Muñoz y Rivero 1917, nº 29
14	1251, agosto, 2	Oseira	ACOu Oseira nº 675
15	1251, novembro, 27	Allariz / Sendín	AHPOu Allariz C-6 / nº 2
16	1251	Meira	Sponer 1932-34, nº 1
17	1251	S. M. de Castañeira	AHN 3566 / nº 13
18	1252	S. M. de Castañeira	AHN 3566 / nº 14
19	1253, abril	Lugo	AHN 1328 G / nº 5
20	1253, xullo, 8	Oia	AHN 1801 / nº 9
21	1254, setembro	Meira / Vilafranca	AHN 1134 / nº 20

Táboa nº 5. Producción 'primitiva' en galego(-portugués).

Elaboración propia. Fontes: Boullón 2004 e Souto 2006.

Notas e observacións sobre a táboa nº 5:

Unha discusión máis detallada dos criterios de clasificación e os problemas que presentan os textos incluídos na táboa aparecerá en Boullón / Monteagudo, no prelo. No entanto, téñase en conta:

Nº 1. A data é insegura, quizais 1250ca. (Monteagudo, no prelo).

Nº 3. Documento coñecido a través do seu traslado ao tomo de Lourenzá (ca. 1265), aceptamos a datación proposta por Souto 2006: 37-38.

Nº 5. Souto 2006: 36-37, sospeita de que se trate dunha falsificación forxada no século xvii, pero a súa argumentación é escasamente convincente. Concretamente, no plano lingüístico, o rexistro é moi similar á do nº 6, editado polo mesmo autor, e que correspondería ao tipo de transición ou quasi-romance de que falamos no texto.

Nº 7. Souto (2006: 24-26) desenvolve un razoamento plausible sobre a data do documento galego. Non aceptamos, en troques, a súa caracterización da lingua deste: "configuración lingüística... castelhana com alguns elementos ocidentais" (ídem, 26). Desde logo, non é apreciablemente máis castelá ca algún outro documento dos que o mesmo Souto inclúe no seu elenco, como os nº 11 (1251-Ferreira de Pallares) ou nº 12 (1251-Oseira).

Nº 9. Documento trascurado por Souto 2006, probablemente amalgamado co seu veciño na edición de Martínez Salazar (1911, nº III e IV).

- Nº 10. Aceptamos a datación proposta por Souto 2006: 38.
- Nº 13. Perdido o orixinal, só coñecemos o texto mediante a reprodución (manipulada) que ofrece Muñoz y Rivero.
- Nº 14. Este documento ofrece un caso claro de 'alternancia de códigos' castelán / galego.
- Nº 15. O rexistro lingüístico con mestura e alternancia latín / galego, lembra o dos documentos nº 5 e 6.
- Nº 16. Aceptamos a precisión cronolóxica de Souto 2006: 35. O orixinal está extraviado.
- Nº 17, 18. A diferenza da xeneralidade dos documentos destes anos procedentes dos conventos da área estremeira (Montes, Carracedo, Castañeira), estes dous están redactados nun galego notablemente focalizado.
- Nº 21. Sorprendentemente non incluído por Souto no seu inventario, a pesar de referirse a el no texto (2006: 48).